

***ANÁLISE DO IMPACTO DA
CREACIÓN DE CENTROS COMPARTIDOS
DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES***



**GALICIA- NORTE DE PORTUGAL
OURENSE- PONTEVEDRA- MINHO-LIMA- CÁVADO
Monterrei- A Cañiza- Tui- Vila Verde**

XUNTA DE GALICIA

Edita: Presidencia da Xunta de Galicia.
Secretaría Xeral da Igualdade.

Introdución.....	6
Marco teórico.....	8
1. A cooperación transfronteiriza España-Portugal.....	8
2. Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.....	10
3. Igualdade de oportunidades.....	11
Metodoloxía.....	13
1. Glosario de termos metodolóxicos.....	17
2. Definicións xurídicas.....	20
Análise socioeconómica da situación das mulleres.....	21
Territorio.....	22
1. Provincia de Ourense.....	22
1.1. Comarca de Verín.....	23
1.1.1. O concello de Monterrei.....	23
2. Provincia de Pontevedra.....	24
2.1. Comarca Baixo-Miño.....	24
2.1.1. Concello de Tui.....	25
2.2. Comarca da Paradanta.....	25
2.2.1. Concello da Cañiza.....	26
3. Subrexión Minho-Lima.....	26
4. Subrexión de Cávado.....	26
4.1. Municipio de Vila Verde.....	27
Estrutura socioeconómica.....	28
1. Ourense-Pontevedra-Minho-Lima-Cávado.....	28
1.1. Poboación.....	28
1.1.1. Estrutura da poboación por idade e sexo.....	29

1.1.2. Evolución da poboación.....	32
1.1.3. Indicadores de poboación	32
1.1.4. Indicadores demográficos	33
1.1.5. Poboación estranxeira	34
2. Monterrei-A Cañiza-Tui-Vila Verde	37
2.1. Poboación.....	37
2.1.1. Estrutura da poboación por idade e sexo.....	37
2.1.2. Evolución da poboación.....	40
2.1.3. Indicadores de poboación	41
2.1.4. Indicadores demográficos	42
2.1.5. Migración	43
2.1.6. Poboación estranxeira	44
2.2. Mercado laboral	47
2.2.1. Poboación activa e poboación inactiva	47
2.2.2. Taxas de actividade, ocupación e paro.....	53
2.2.3. Poboación ocupada	54
2.2.4. Poboación parada.....	67
2.2.5. Contratos	79
2.3. Tecido económico municipal.....	91
2.3.1. Empresas por condición xurídica.....	91
2.3.2. Empresas segundo actividade	94
2.3.3. Empresas segundo estrato de persoal asalariado.....	98
2.4. Educación	100
2.4.1. Comunidade educativa.....	100
2.4.2. Nivel educativo	106
Ámbito municipal. Análise cualitativa	112
1. Corporacións municipais	112
2. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	114
3. Servizos e programas de fomento da conciliación	117
4. Servizos prestados polos departamentos municipais.....	118
4.1. Servizos sociais.	118
4.2. Orientación laboral, emprego e desenvolvemento local.....	121

5. Asociacionismo.....	122
Violencia de xénero.....	125
Galicia	126
1. Denuncias por violencia de xénero	126
2. Orixe da denuncia	127
3. Tipoloxía penal	130
4. Relación vítima-denunciado/nacionalidade/idade.....	132
4.1. Relación vítima-denunciado/nacionalidade	132
4.2. Relación vítima-denunciado	134
Portugal.....	136
1. Homicidios.....	136
2. Relación vítima-agresor	137
3. Idade das vítimas e dos agresores	138
Resumo.....	140
1. Análise DAFO.....	140
2. Consideracións finais.....	141
Bibliografía	144
Anexos.....	146

Este estudo insírese no Proxecto CEDIM (centros de dinamización integral para as mulleres na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal), aprobado no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 POCTEP (eixe 4 “Cooperación e xestión conxunta para o fomento da cooperación e integración económica e social”), cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

En 2011, a Secretaría Xeral da Igualdade comezou a coordinación do estudo de acordo co plan de actividades aprobado no marco do proxecto CEDIM co obxecto de realizar unha análise socioeconómica da situación das mulleres de Galicia-Norte de Portugal; e máis concretamente daquelas que residen no territorio que abrangue as provincias de Ourense e Pontevedra e as subrexións Minho-Lima e Cávado, prestando especial atención aos concellos de Tui, A Cañiza, Monterrei e Vila Verde.

O obxectivo práctico desta análise é obter unha diagnose da poboación feminina do territorio, para, a partir desta, pór en marcha centros de dinamización integral dirixidos ás mulleres dun e doutro lado da fronteira galaico-lusa.

O informe presentado foi estruturado en catro grandes bloques:

- **Marco teórico.** Fundamentos sobre os que se asenta este estudo: cooperación transfronteiriza España-Portugal con especial fincapé na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e na Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.
- **Marco metodolóxico.** Elaboración do estudo e principais indicadores empregados.
- **Análise socioeconómica da situación das mulleres Galicia-Norte de Portugal.**
 - Recompilación e comentario de variables estatísticas relativas a territorio, poboación, mercado laboral, tecido económico e educación.
 - Recompilación e comentario de datos primarios sobre participación social e política das mulleres, servizos e programas para o fomento da igualdade de oportunidades

e/ou da conciliación da vida laboral, persoal e familiar e violencia de xénero.

- **Resumo**

Análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) e consideracións finais.

A diagnose é o paso previo á implantación de calquera proxecto ou acción. Deste xeito, a análise socioeconómica da situación das mulleres do territorio conformado por Pontevedra, Ourense, Minho-Lima e Cávado é un requisito imprescindible de cara a coñecer mellor ás futuras beneficiarias e usuarias do Proxecto CEDIM (centros de Integración para as Mulleres na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal) e ofrecerlles así un servizo de calidade adaptado ás súas necesidades e demandas.

Este proxecto non é unha acción illada senón que forma parte do Programa operativo de cooperación transfronteriza España-Portugal 2007-2013; e máis concretamente da área de cooperación que abrangue Galicia-Norte de Portugal.

Así pois, se temos en conta este contexto, cómpre facer unha breve exposición da traxectoria da cooperación transfronteiriza entre ambos os dous países e definir as liñas estratéxicas nas que se centra o traballo no territorio Galicia-Norte de Portugal no momento actual.

Ademais, como aspecto transversal e prioritario na UE e, polo tanto, en todas as súas políticas e para todos os seus ámbitos de decisión e acción, hai que ter en conta as directrices en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Para tal efecto recóllense as recomendacións básicas de aplicación nos fondos estruturais.

1. A COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL

A integración de España e Portugal no espazo económico e político europeo trouxo consigo oportunidades no ámbito da cooperación entre os territorios fronteirizos. Estas supuxeron o establecemento de novas relacións entre os dous países que se caracterizaran, ata hai unhas décadas, por escasos niveis de cooperación e de aproveitamento dos recursos presentes a ambos os dous lados da raia. Así mesmo, rompeu co illamento e desconfianza que séculos de contradicións históricas consolidaron entre os estados peninsulares.

Ante este distanciamento, máis no ámbito nacional que local, onde si existiron e seguen a existir relacións de complicidade e loita contra adversidades comúns, lóxicas en territorios e situacións similares, xorde en 1990 a iniciativa comunitaria INTERREG, que ten por obxecto o financiamento de estruturas, equipamentos e accións de carácter transfronteirizo.

A iniciativa INTERREG cumpre unha dobre función: por un lado, catalizador do espírito de cooperación transfronteiriza como vehículo de desenvolvemento e, polo outro, instrumento de promoción e soporte das accións concretas que lle dan corpo.

Desde as súas orixes ata o momento actual, foi evolucionando e adaptándose ás demandas existentes en cada período de vixencia. Así, as primeiras accións foron encamiñadas ao establecemento dos piares nos que asentar a cooperación transfronteiriza. No segundo período, onde as condicións económicas, sociais e de infraestruturas foron substancialmente mellores, as prioridades mudaron cara, entre outras, a creación e desenvolvemento de distintas estruturas (claves no devir do proceso de cooperación a partir de 1994), a integración económica, a sustentabilidade dos recursos ou a promoción da cualificación dos recursos humanos. No terceiro, ademais de continuar traballando nos ámbitos anteriores, xurdiron novas actuacións de cara ao fortalecemento das economías locais ou ao desenvolvemento dos niveis de integración social nos ámbitos da saúde e da inserción de grupos desfavorecidos, entre outras.

No actual período, o Programa operativo de cooperación transfronteriza España-Portugal 2007-2013, contempla as seguintes prioridades: fomento da competitividade e promoción do emprego; medio ambiente, patrimonio e prevención de riscos; ordenación do territorio e accesibilidades; integración socioeconómica e institucional e asistencia técnica ao proceso de cooperación transfronteiriza.

Este programa abarca un territorio composto por 17 NUTS¹ III fronteirizas que se dividen por ambos os dous lados da raia da seguinte forma: Portugal (10) –Minho-Lima, Cávado, Alto Trás-os-Montes, Douro, Beira Interior Norte, Beira Interior Sul, Alto Alentejo, Alentejo Central, Baixo Alentejo e Algarve– e España (7) –Pontevedra, Ourense, Zamora, Salamanca, Cáceres, Badaxoz e Huelva.

¹ Unidade territorial estatística

Estes 17 NUTS III, pola súa vez, agrúpanse en áreas de cooperación:

ÁREA DE COOPERACIÓN	NUTS III (ÁMBITO BÁSICO)
Galicia-Norte de Portugal	Pontevedra, Minho-Lima, Ourense, Cávado e Alto Trás-os-Montes (sector norte)
Norte de Portugal-Castela e León	Alto Trás-os-Montes (sector sur), Zamora, Douro e Salamanca
Rexión Centro e Castela e León	Salamanca e Beira Interior Norte
Alentejo/Centro-Estremadura	Cáceres, Beira Interior Sul, Badaxoz, Alto Alentejo, Alentejo Central e Baixo Alentejo (sector norte)
Alentejo/Algarve-Andalucía	Baixo Alentejo (sector sur), Huelva e Algarve

Áreas de cooperación transnacional España- Portugal

2. EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

O territorio formado por Galicia e o Norte de Portugal sitúase na periferia atlántica da UE “como unha área transfronteiriza de acusada personalidade eurorrexional” (Faíña e López Rodríguez, 2004). Atópase lonxe dos centros de decisión —ao oeste e no extremo suroccidental de Europa, na súa fachada atlántica—, pero nun enclave estratéxico no relativo ao tráfico marítimo.

A distribución da poboación do Norte de Portugal encaixa de xeito natural coa dorsal litoral galega, e configura un “eixe atlántico” de estruturación territorial no noroeste peninsular, caracterizada, por un lado, por unha alta concentración arredor das áreas urbanas e un baleiro de poboación no interior e, polo outro, pola importante intensidade de poboación na área fronteiriza do Miño.

Este espazo territorial, tal como se sinalou na epígrafe anterior, constitúe unha área de cooperación transfronteiriza onde á súa ampla e histórica tradición engádeselle unha forte unión en termos sociais, económicos e culturais.

A este respecto e no marco do Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013, os ámbitos estratéxicos nos que a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal está a traballar son os seguintes:

- ✓ Eixe 1: Cooperación no ámbito do mar.
- ✓ Eixe 2: Internacionalización das pemes da Eurorrexión (promoción da innovación e da competitividade).
- ✓ Eixe 3: Protección ambiental e desenvolvemento urbano sostible.
- ✓ Eixe 4: Fomento da cooperación e integración social e institucional.

Neste último eixe, a través do cal se pretende “implantar a xestión e construción conxunta de equipamentos colectivos por entidades fronteirizas, tendo en conta o principio da racionalización de equipamentos na zona de

fronteira”; enmárcase o Proxecto CEDIM (Centros de dinamización integral para as mulleres na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal).

Os obxectivos do Proxecto CEDIM son os que a continuación se detallan:

- ✓ Fomentar o emprego compartido de equipamentos e servizos dos colectivos da raia, e superar a fractura da fronteira galaico-portuguesa.
- ✓ Promover e mellorar a eficacia de redes estables de cooperación transfronteiriza de ámbito municipal, mediante a apertura de centros de información ás mulleres facilitadores de actividades de información, formación e orientación.
- ✓ Impulsar actividades de valor compartido e favorecer o intercambio transfronteirizo entre colectivos e profesionais.

Para acadalos prevense unha serie de accións como: a análise das estruturas institucionais para a cooperación; a constitución de catro centros de información ás mulleres; a implantación da figura “dinamizadora de centros compartidos”, para favorecer a creación dunha rede de dinamizadoras de centros de información ás mulleres e formación e intercambio transfronteirizo de colectivos e profesionais.

Son entidades beneficiarias deste proxecto, por parte galega, a Secretaría Xeral da Igualdade, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e, por parte portuguesa, a Comissão para a Cidadanía e Igualdade de Género de Portugal.

A zona de influencia destes centros vai abranguer as provincias galegas de Ourense e Pontevedra e as subrexións portuguesas Minho-Lima e Cávado. Concretamente, situaranse nos seguintes concellos: Tui (Comarca do Baixo Miño, Pontevedra), A Cañiza (Comarca da Paradanta, Pontevedra), Monterrei (Comarca de Verín-Ourense) e a Cámara Municipal de Vila Verde (subrexión de Cávado).

Así pois, o territorio sinalado constitúe o campo de estudo desta análise, que ten como obxecto trazar o perfil demográfico e socioeconómico das mulleres que habitan neste espazo xeográfico.

3. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

A igualdade entre mulleres e homes é un dos principios fundamentais do dereito comunitario; un dos obxectivos prioritarios da UE neste ámbito é “garantir a igualdade de oportunidades e de trato entre ambos sexos e loitar

contra a discriminación baseada no sexo”. Para acadalo, aplícase un dobre enfoque: accións específicas máis integración da perspectiva de xénero.

Tamén cómpre salientar as comunicacións da Comisión (COM (1996) 67) “Integrar a igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes no conxunto das políticas e accións comunitarias” e (COM (2010) 78) “Un compromiso reforzado en favor da igualdade entre mulleres e homes”.

Nesta última, a comisión apunta a necesidade de contemplar a igualdade de xénero no conxunto das súas políticas. Para tal efecto propón traballar de xeito específico en cinco ámbitos: independencia económica, igualdade no salario, representación das mulleres na toma de decisións e nos postos de responsabilidade, a dignidade e integridade das mulleres (e especialmente a erradicación da violencia de xénero) e a defensa destes principios no marco das súas relacións con terceiros países.

A maiores, nos programas de cooperación transfronteiriza, hai que ter en conta a Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM (2002) 748). Nesta comunicación salientábase que a integración da dimensión da igualdade de oportunidades nas políticas estruturais responde á necesidade de reducir a desigualdade entre as mulleres e os homes no que se refire á taxa de ocupación, ao nivel de formación, ao acceso ao mercado de traballo e á participación no proceso de toma de decisións. Así mesmo, recolle unha serie de recomendacións de cara a suprimir os obstáculos que frean o éxito da integración da igualdade entre homes e mulleres. Entre estas, destacar as seguintes: medidas específicas dirixidas ao sexo menos representado, visibilizar o financiamento destinado a medidas específicas en favor da igualdade e a programas e proxectos que contribúan á igualdade mediante a integración desta perspectiva; recursos especializados e formación do persoal técnico e político en materia de igualdade de oportunidades e avaliación do impacto sobre a igualdade entre homes e mulleres mediante indicadores cualitativos e cuantitativos que permitan controlar e avaliar os resultados.

O Programa operativo de cooperación transfronteira España-Portugal 2007-2013 ten en conta estas recomendacións ao entender que “a integración da igualdade en todas as intervencións implica non limitar os esforzos de promoción de igualdade á posta en marcha de medidas específicas a favor das mulleres (...) e ter en conta, de maneira activa e visible, os posibles efectos sobre a respectiva situación das mulleres e dos homes” (p. 153).

Como primeiro paso previo á análise, procedeuse á recompilación e estudo da información, lexislación e documentación existente sobre proxectos do programa europeo de cooperación transfronteiriza en xeral, e de igualdade de oportunidades en particular.

Esta fase previa serviu para delimitar os indicadores principais que se ían abordar en función da información que se precisaba investigar, así como para deseñar e elaborar as ferramentas de traballo: cartas de presentación a diferentes institucións, cuestionarios de recollida de información, listaxe de fontes de información secundaria...

O seguinte paso foi a recollida de datos secundarios; estes foron agrupados en cinco grupos temáticos: poboación, mercado laboral, tecido económico e educación para tres niveis xeográficos: provincia/rexión, comarca/subrexión e concello/municipio².

As fontes estatísticas principais foron o Instituto Nacional de Estatística de Portugal e o Instituto Galego de Estatística. De xeito puntual tamén se acudiu a outras fontes, tales como o Gabinete de Estatística e Planeamento da Educación (Ministerio de Educación de Portugal), o Gabinete de Estratexia e Estudos (Ministerio de Economía, Innovación e Desenvolvemento de Portugal), o Gabinete de Estratexia e Planeamento (Ministerio de Traballo e Solidariedade Social de Portugal) ou o Instituto Nacional de Estatística de España.

Resulta salientable que, a pesar das moitas coincidencias entre as metodoloxías estatísticas empregadas tanto en España como en Portugal, a diferente organización territorial dos dous estados por un lado e, a diverxencia nas variables que se van estudar³, polo outro, fixo que resultara máis difícil o exame e comparación da información obtida. No Estado portugués pódese atopar información actualizada moi concreta e detallada sobre un gran número de temáticas diferentes, pero non para todos os ámbitos xeográficos (é escasa a información actualizada de ámbito municipal) e moita non inclúe a variable sexo.

² Ver documentación complementaria II: VARIABLES ANALIZADAS

³ Ver glosario de termos estatísticos

Finalizada a fase de recollida de información secundaria, os datos obtidos foron clasificados utilizando a folla de cálculo. Esta foi empregada para a realización de táboas e gráficos. Neste momento houbo que descartar a información que non resultaba aproveitable para a análise, por resultar irrelevante baixo unha perspectiva de xénero ou por non poder analizarse de xeito conxunto para a maior parte do territorio obxecto de estudo.

Ademais dos datos secundarios, xa expostos, que perfilan a realidade dos municipios obxecto de estudo é de interese estudar datos primarios que acheguen información (cuantitativa e cualitativa) de primeira man co obxecto de completar a diagnose dos catro concellos.

A totalidade dos datos manexados, neste caso solicitáronselles directamente a cada municipio. Así, previo contacto telefónico, remitíronselles a cada un deles catro cuestionarios diferentes de recollida de información⁴:

- **Datos xerais do concello:** composición das corporacións locais, servizos e programas de fomento da conciliación e tecido asociativo.
- **Datos do departamento de emprego.**
- **Datos dos servizos sociais.**
- **Datos do departamento/Concellería de Igualdade.**

Unha vez recibidos os cuestionarios cubertos, todos ou parte deles, dependendo da existencia ou non do servizo/departamento en cuestión, de Monterrei, A Cañiza, Tui e Vila Verde, iniciouse o seu procesamento e estudo.

De xeito paralelo, contactouse coas asociacións de mulleres, cuxos datos de contacto foron facilitados polos propios concellos e a Secretaría Xeral de Igualdade, e solicitóuselle a súa colaboración na realización deste estudo. Logo dun achegamento telefónico, remitíuselles un cuestionario no que se abordaban cuestións relativas ás actividades que desenvolvían (realizadas no ano 2010 e previstas para o 2011) e a súa consideración sobre as actuacións das administracións públicas en materia de igualdade de oportunidades e demandas propias ao respecto. Sobre este último parecer pedíuselles que opinaran o maior número de socias posible.

Do total das seis asociacións de mulleres referidas polos concellos, tres en Monterrei, dúas na Cañiza e unha en Tui, responderon á petición realizada polo equipo técnico do estudo un total de cinco: as tres de Monterrei, unha da Cañiza e a de Tui.

Por último, en relación coa violencia de xénero cómpre sinalar, en primeiro lugar, que os datos cos que se traballa solicitáronse nos partidos xudiciais de Verín (Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de

⁴ Ver documentación complementaria III: CUESTIONARIOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

Verín), Tui (Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Tui) e Pontearreas (Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Pontearreas), nos que se circunscriben os concellos obxecto de estudo. Estes datos refírense ao ano 2010 e ao 1.º trimestre de 2011 agás no caso de Verín, onde non puideron facilitar estes últimos ao non ter redactado o informe estatístico relativo a este período á data do peche da fase de recollida de información.

No caso de Portugal, optouse por recompilar a dita información do Observatorio de Mulleres Asasinadas da UMAR, União de Mulheres Alternativa e Resposta, a través da consulta no enderezo web. Os indicadores recollidos por esta asociación só fan referencia a vítimas mortais e non a vítimas en xeral, razón pola cal son comentados de xeito independente.

Tal como se sinalou, a información manexada é no ámbito de partido xudicial no caso galego. Isto fai preciso aclarar que territorio e poboación comprende cada partido e cal é o peso porcentual de cada un dos concellos diana con relación a este.

- **Partido xudicial de Verín:** ademais dos concellos da comarca de Verín (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós), abrangue os concellos da Gudiña (1562 habitantes) e A Mezquita (1352 hab.). A poboación de Monterrei (3002 hab.) supón o 9,5% sobre o total da poboación do partido xudicial (31.510 hab.).
- **Partido xudicial de Pontearreas:** comprende os concellos da comarca da Paradanta (Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente) e os da comarca do Condado (Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Pontearreas e Salvaterra do Miño) que achega 43.135 habitantes. A poboación da Cañiza (6517 hab.) supón o 11% do total da poboación do partido xudicial (59.135 hab.).
- **Partido xudicial de Tui:** correspóndese territorialmente coa comarca do Baixo Miño (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño e Tui). No concello de Tui reside o 33,9% da poboación total do partido xudicial (17.306 sobre 51.062).

No caso de Portugal, o distrito de Viana correspóndese integramente coa subrexión Minho-Lima e o de Braga abarca as subrexións de Cávado, Ave e parte da de Távoga.

Puntualizada esta cuestión, subliñar que se traballa a partir dos únicos datos obxectivos aos que se ten acceso: os dos casos que chegan aos xulgados e a información que se recolle nos informes estatísticos trimestrais facilitados por estes. É importante resaltar isto porque é un feito demostrado que a maioría dos casos de violencia contra as mulleres quedan na escuridade.

Deste xeito, as variables analizadas no territorio galego son as seguintes:

- **Número de denuncias por violencia de xénero:** ao feito de que a maioría dos casos de violencia de xénero non son denunciados e que, por tanto, as cifras que se manexan non son de todo fieis á realidade

hai que engadir que a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, limita a violencia de xénero a aqueles casos nos que haxa ou houbese unha relación afectivo-sentimental entre vítima e agresor, e deixa fóra todo tipo de violencia exercida noutras circunstancias. Así, son recollidas neste punto o número de denuncias por violencia de xénero segundo se entende na citada lei, presentadas en cada trimestre de 2010 e primeiro de 2011 en cada xulgado.

- **Orixe da denuncia:** especificase cal é a forma en que chegan as denuncias aos xulgados e a través de quen son presentadas (directamente pola vítima, presentada por familiares da vítima, por atestados policiais, por parte de lesións ou polos servizos de asistencia-terceiras persoas en xeral).
- **Tipoloxía:** distribución de casos segundo sexan delito ou falta e a súa tipoloxía, segundo como son recollidas nos informes.
- **Relación vítima-denunciado/nacionalidade/idade:** cal é a unión ou relación que teñen a vítima e o seu agresor no momento de producirse a agresión, a súa nacionalidade e tamén se as vítimas eran maiores ou menores de idade. Estes datos están dispoñibles só naqueles casos nos que se ditan ordes de protección.

1. GLOSARIO DE TERMOS METODOLÓXICOS

Nesta epígrafe recóllense as definicións dos principais indicadores empregados na análise, que poden presentar diferenzas segundo se refiran a datos de fonte galega ou portuguesa.

GALICIA	PORTUGAL
Poboación	
Densidade de poboación: cociente entre a poboación dun territorio e a súa extensión superficial. Mídese en habitantes/quilómetro cadrado.	Densidade de poboación: cociente entre a poboación dun territorio e a súa extensión superficial. Mídese en habitantes/quilómetro cadrado.
Taxa bruta de natalidade: número de nacementos por cada mil habitantes.	Taxa bruta de natalidade: número de nacementos por cada mil habitantes.
Taxa bruta de mortalidade: número de defuncións por cada mil habitantes.	Taxa bruta de mortalidade: número de defuncións por cada mil habitantes.
Número medio de fillos por muller: número esperado de fillos/as por muller ao longo da súa vida fértil (15 a 49 anos).	Índice sintético de fecundidade: número medio de nenos/as vivos/as nacidos/as por muller en idade fértil (dos 15 aos 49 anos).
Índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación de menos de 20 anos.	Índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación de entre 0 a 14 anos.
Índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos.	
Índice de dependencia global: relación entre a poboación en idade potencialmente dependente e a poboación en idade potencialmente activa. Índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menor de 15) e a poboación en idade potencialmente activa (15-64) Índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (máis de 64) e a poboación en idade potencialmente activa (15-64)	Índice de dependencia: relación entre a poboación nova (menos de 14) máis a vella (+65) e a poboación en idade activa (de 15 a 64). Índice de dependencia xuvenil: relación entre as persoas menores de 15 e aquelas con idades comprendidas entre os 15 e os 64 anos. Índice de dependencia senil: relación entre a poboación de máis de 65 e a poboación con idades entre os 15 e 64 anos.
Índice de recambio da poboación en idade activa: relación entre a poboación de 60 a 64 anos e a poboación de 15 a 19 anos.	Índice de recambio da poboación en idade activa: relación entre a poboación de entre 20 e 29 anos e a poboación de entre os 55 e os 64 anos.

Índice de masculinidade: número de homes por cada 100 mulleres nun grupo de individuos.

Relación de masculinidade: cociente entre as persoas de sexo masculino e as de sexo feminino.

Taxa bruta de nupcialidade: número de matrimonios por cada 1000 habitantes.

Taxa bruta de nupcialidade: número de matrimonios observado durante un determinado período de tempo (ano civil) en relación á poboación media dese período. $N.º$ de matrimonios x 1000 habitantes.

Migración: refírese ao cambio de concello de residencia.

Migración: cambio de residencia fóra dun determinado límite espacial, temporal ou permanente, dunha persoa. Esta pode ser internacional (entre países) ou interna (dentro do propio país).

Emigración: para un ámbito xeográfico determinado as emigracións son aquelas migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fóra deste.

Emigración interna: trátase daquelas emigracións cunha orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello distinto dentro da comunidade autónoma.

Emigración externa: son aquelas emigracións con destino fóra da comunidade autónoma, isto é o resto de España ou o estranxeiro.

Inmigración: para un ámbito xeográfico determinado as inmigracións son aquelas migracións con destino nese ámbito e orixe fóra deste.

Inmigración: para un ámbito xeográfico determinado é aquela migración que ten orixe nese ámbito e destino fóra deste.

Inmigración interna: trátase daquelas inmigracións con destino nun concello de Galicia e que teñen orixe noutro concello distinto tamén da comunidade autónoma.

Inmigración externa: son aquelas inmigracións con orixe fora de Galicia, é dicir, o resto de España e o estranxeiro.

Saldo migratorio: para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo.

Saldo migratorio: diferenza entre o número de entradas e saídas por migración, internacional ou interna, para un determinado país ou rexión nun período de tempo acoutado.

Saldo migratorio externo: diferenza entre a inmigración externa e a emigración externa.

Saldo migratorio interno: diferenza entre a inmigración interna e a emigración interna.

GALICIA	PORTUGAL
Mercado de traballo	
<p>Poboación activa: conxunto de persoas de 16 ou máis anos que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción</p>	<p>Empregado/a: individuo con 15 ou máis anos que, no período de referencia, tiña traballo.</p>
<p>Poboación ocupada: persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia.</p>	<p>Ocupado/a: conxunto de individuos de 15 ou máis anos que, no período de referencia, constitúen man de obra dispoñible para a produción de bens e servizos económicos (empregados e desempregados).</p>
<p>Poboación parada: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente sen traballo pero tomaron medidas concretas na súa procura.</p>	<p>Desempregada/o: individuo con 15 ou máis anos que no período de referencia, non tiña ningún tipo de traballo pero estaba dispoñible para facelo e adoptou unha busca proactiva.</p>
<p>Poboación inactiva: abrangue a todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia (persoas que se dedican a tarefas do fogar, estudantes e persoas xubiladas/retiradas...).</p>	<p>Poboación inactiva: conxunto de individuos, calquera que sexa a súa idade que, no período de referencia, non podían ser considerados economicamente activos, é dicir, non estaban empregados nin desempregados.</p>
<p>Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.</p>	<p>Taxa de actividade: define a relación entre a poboación activa e a poboación en idade activa (máis de 15 anos).</p>
<p>Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.</p>	<p>Taxa de desemprego: define a peso da poboación desempregada sobre o total da poboación activa.</p>
<p>Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.</p>	<p>Taxa de emprego: define a relación entre a poboación empregada e a poboación en idade activa (máis de 15 anos).</p>
	<p>Taxa de actividade feminina: define o peso da poboación activa feminina (poboación feminina activa/poboación residente feminina). * cen</p>

2 DEFINICIÓNS XURÍDICAS

- **Aborto:** morte do feto. A dita morte pode acontecer no seo da nai ou provocando a súa expulsión prematuramente. Debe tratarse dun aborto producido pola actividade humana, e quedan fóra do ámbito penal os abortos espontáneos.
- **Delito:** son delitos ou faltas as accións e omisións dolosas ou imprudentes penadas pola lei.
- **Faltas:** acción ou omisión voluntaria penada pola lei con penas leves. Infracción voluntaria ou culposa da norma, que pode ser castigada penal ou administrativamente ou ben polo/a empresario/a nas relacións laborais.
- **Homicidio:** acto no que se causa a morte doutra persoa. Delito sen que concorran as circunstancias de aleivosía, prezo ou asañoamento que o convertería en asasinato.
- **Inxuria:** expresión proferida ou acción executada en deshonra, descrédito ou menosprezo doutra persoa.
- **Lesións e malos tratos:** dano ou detrimento do patrimonio psicobiolóxico dunha persoa causado por un/unha terceiro/a. Os malos tratos son o delito consistente en exercer de modo continuado violencia física ou psíquica sobre o cónxuxe ou as persoas con quen convive ou están baixo a garda da persoa agresora.
- **Lesións ao feto:** calquera lesión ou enfermidade que prexudique gravemente o normal desenvolvemento do feto, causado por calquera medio, e enténdese como tal aquel embrión con aparencia humana e cos seus órganos formados, que vai madurando desde os 57 días a partir do momento da fecundación.
- **Quebrantamento de penas e medidas:** delito consistente en eludir ou tentar eludir o cumprimento da pena ou medida imposta.
- **Vexación inxusta:** vexar, maltratar, molestar, perseguir a unha persoa prexudicada para facela sufrir.

ANÁLISE SOCIOECONÓMICA DA SITUACIÓN DAS
MULLERES

GALICIA- NORTE DE PORTUGAL

OURENSE-PONTEVEDRA-MINHO-LIMA-CÁVADO

Monterrei-A Cañiza-Tui-Vila Verde




Ilustración 1. Territorio de estudo.

1. A PROVINCIA DE OURENSE

A provincia de Ourense está situada no noroeste de España, na parte sueste da Comunidade Autónoma de Galicia. Limita coas provincias de Pontevedra ao oeste, Lugo ao norte, León e Zamora ao leste e con Portugal ao sur.

Ten unha superficie de 7273 Km². A súa poboación é de 335.219 habitantes (173.873 mulleres e 161.346 homes) e a súa densidade de poboación é de 46,1 hab./km².

Esta provincia, a única de Galicia sen saída ao mar, ten 92 municipios que se agrupan nas seguintes comarcas: Allariz-Maceda, Baixa Limia, Carballiño, A Limia, Ourense, Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Terra de Trives, Valdeorras, Verín e Viana.

1.1. A COMARCA DE VERÍN

A comarca de Verín sitúase no sur da provincia de Ourense, linda polo sur con Portugal, polo leste coa comarca de Viana, polo norte con Terra de Trives e Terra de Caldelas, e polo oeste coa Limia. Ocupa unha extensión de 1007 Km², a súa poboación é de 28.596 habitantes (14.312 mulleres e 14.284 homes) e a súa densidade de poboación é de 28,3 hab./Km².

No relativo á súa orografía, esta comarca sitúase nun val circundado por relevos montañosos, a través do que discorre o río Támega.

No aspecto económico cabe sinalar a intensa actividade comercial vinculada á súa localización fronteiriza con Portugal, á riqueza das súas augas minerais e ao cultivo de viñedo. O sector agropecuario mudou nos últimos anos, xa que dunha agricultura de subsistencia pasou a unha produción agrícola orientada cara a comercialización dos produtos, tal é o caso da elaboración de conservas vexetais.

Pola súa parte, a industria constitúe un importante complemento á diversificación económica da comarca. A meirande parte do tecido empresarial atópase en Verín e ocúpase, nunha elevada porcentaxe, ao aproveitamento dos recursos endóxenos: auga, viño, madeira... Outro subsector económico importante na comarca é a industria téxtil e da confección.

En canto ao sector servizos, destacar o comercio, a hostalería vinculada ao turismo (sobre todo de carácter termal) e os transportes.

A comarca de Verín está conformada polos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

1.1.1. O concello de Monterrei

O concello de Monterrei limita con Cualedro ao oeste, Laza e Castrelo do Val ao norte, Verín ao leste e Oímbra e a fronteira portuguesa ao sur.

Ocupa unha superficie de 118,8 Km². A súa poboación é de 3002 habitantes e a súa densidade de poboación é de 25,27 hab./Km².

Monterrei subdivídese en 11 parroquias: Albarellos (capitalidade do concello), Estevesiños, Flariz, Infesta, A Madanela, Medeiros, Monterrei, Rebordondo, San Cristovo, Vences e Vilaza.

No ámbito económico, as actividades propias do concello de Monterrei son: no sector primario, o cultivo de castiñeiro, a recollida de cogomelos e setas e a produción de mel. A pesar de contar cun potencial forestal importante, o aproveitamento madeireiro é escaso. Tamén destaca a produción vitivinícola (Denominación de Orixe Monterrei) e a gandería destinada á produción de carne. Con respecto ao sector secundario, este concello encádrase nunha das cinco comarcas galegas de menor peso industrial. Con todo, hai que salientar tres sectores: confección, envasado de augas e construción. No sector terciario, as actividades comerciais, o turismo e as actividades de transporte, servizos empresariais e servizos relacionados coa saúde constitúen os seus principais inputs e xiran arredor dos recursos naturais (principalmente a auga) e o patrimonio histórico, como é o Castelo dos Condes de Monterrei.

2. PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A provincia de Pontevedra está situada no noroeste de España, na parte suroeste da comunidade autónoma galega, e a súa capital é a cidade de Pontevedra. Limita coas provincias da Coruña ao norte, Lugo e Ourense ao leste, con Portugal ao sur e co océano Atlántico ao oeste. Ocupa unha superficie de 4495 Km² e a súa poboación ascende a 962.472 habitantes (496.572 mulleres e 465.900 homes). A súa densidade de poboación é de 214,12 hab/Km².

Este territorio está formado por 62 municipios agrupados en dez comarcas: Baixo Miño, Caldas, Condado, Deza, Morrazo, Paradanta, Pontevedra, Salnés, Tabeirós-Terra de Montes e Vigo.

2.1. COMARCA BAIXO-MIÑO

A Comarca do Baixo Miño sitúase no extremo suroccidental da provincia de Pontevedra. O océano Atlántico e o río Miño limitana polo oeste e leste respectivamente, mentres que unha serie de pequenas serras a separan da área metropolitana de Vigo, polo norte.

Ocupa unha superficie de 315 Km², a súa poboación é de 51.062 habitantes (25.986 mulleres e 25.076 homes) e ten unha densidade de 162,10 hab./Km².

Pola súa situación xeográfica, entre o Atlántico e o río Miño, constitúe unha comarca fronteiriza e principal lugar de paso cara a Portugal. Tui, cabeceira comarcal e A Guarda son os dous principais núcleos de poboación e económicos.

No aspecto económico cabe sinalar que a proximidade das áreas urbanas e industriais de Vigo e O Porriño, así como a súa situación raiana, favorece unha economía diversificada, caracterizada polo aproveitamento dos recursos endóxenos

e un maior peso da industria e dos servizos en detrimento do sector primario. Este último céntrase no subsector agrícola e forestal e na pesca.

Esta comarca, pola súa vez, está formada por 5 concellos: A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño e Tui.

2.1.1. Concello de Tui

O concello de Tui (cabeceira comarcal) ocupa unha superficie de 68,3 Km², e a súa poboación ascende a 17.306 habitantes, polo que a súa densidade de poboación é de 253, 38 hab./Km², e esta é a máis alta dos concellos estudados.

Administrativamente está dividida en 12 parroquias que se subdividen en barrios e lugares. Cada parroquia está administrada por unha pedanía, cuxa función é canalizar a participación cidadá e proporcionar información á corporación municipal.

Nos últimos anos Tui, xunto ao resto da comarca, levou a cabo un proceso de modernización no ámbito da agricultura e a industria. Esta última gañou peso coa construción dun polígono industrial onde se instalaron tanto empresas nacionais como internacionais. A estes dous sectores débese engadir o turismo, xa que é unha das cidades máis visitadas de Galicia. Con todo, é o sector servizos o que lidera a actividade económica cun importante auxe do comercio, tanto de grandes superficies como de comercios locais.

2.2. COMARCA DA PARADANTA

A comarca da Paradanta sitúase no extremo suroriental da provincia de Pontevedra, limita polo noroeste e leste con Ourense, polo sur con Portugal, polo oeste co Condado e polo noroeste coa comarca de Vigo.

Ocupa unha superficie de 333 Km², a súa poboación é de 16.199 habitantes (8277 mulleres e 7922 homes) e a súa densidade é de 48,64 hab./Km².

A economía da comarca apostou, nos últimos anos, por un aproveitamento integral dos recursos endóxeos: viño, lamprea, xamón, tenreira galega... tanto como elemento agroindustrial como turístico. Todo isto tradúcese nunha economía diversificada que vai desde o aproveitamento gandeiro ata á viticultura, a pesca fluvial, a industria derivada dos produtos locais ou o desenvolvemento do sector terciario ligado ao turismo. A súa proximidade a importantes núcleos económicos como Porriño, Pontearreas e Vigo contribúe tamén a esta diversificación.

Esta comarca, pola súa vez, está formada polos concellos de Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente.

2.2.1. O concello da Cañiza

O concello da Cañiza (cabeceira comarcal) ten unha superficie de 108,1 Km². A súa poboación é de 6.517 habitantes e a súa densidade de poboación é de 60,29 hab./km².

Limita ao norte co concello de Covelo e Melón (Ourense), ao sur con Crecente, Arbo e as Neves, e ao oeste con Salvaterra de Miño, Mondariz e Covelo. O seu relevo é accidentado ao situarse na zona de monte baixo da serra do Faro de Avión.

A Cañiza divídese en 9 parroquias: Achas, A Cañiza, O Couto, A Franqueira, Luneda, Oroso, Parada de Achas, Petán e Valeixe.

No aspecto económico cómpre salientar o seu tecido industrial, o cal se concentra no Polígono Industrial Municipal da Cañiza. Aquí hai situadas empresas auxiliares da construción, así como unha importante empresa cárnica. En canto ao sector terciario, atópanse servizos varios tanto públicos (educativos, sanitarios, administrativos...) como privados, orientados a cubrir a demanda dos habitantes da comarca e dunha importante poboación estival.

3. SUBREXIÓN MINHO-LIMA

Minho-Lima é unha subrexión estatística portuguesa, parte da Rexión Norte, entre os ríos Miño e Lima, correspondente integramente ao Distrito de Viana do Castelo. Limita ao norte e ao leste con España, ao sur co Cávado e ao oeste co océano Atlántico.

Ocupa unha extensión de 2218,3 Km², ten unha poboación de 250.390 habitantes (132.272 mulleres e 118.118 homes) e a súa densidade de poboación é de 112,8 hab./ Km².

Este territorio comprende 10 concellos: Arcos de Valdevez, Caminha, Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Ponte da Barca, Ponte da Lima, Valença, Viana do Castelo (capital de distrito) e Vila Nova de Cerveira.

4. SUBREXIÓN CÁVADO

Cávado é unha subrexión estatística portuguesa, parte da Rexión Norte e do distrito de Braga. Limita ao norte con Minho-Lima, ao leste con Alto Tras-os-Montes, ao sur con Ave e con Grande Porto e ao oeste co océano Atlántico.

Ten unha área de 1198 Km² e a súa poboación ascende a 414.182 habitantes. A súa densidade de poboación é de 345,7 hab./Km².

Esta subrexión está formada por 6 municipios: Amares, Barcelos, Braga, Esposende, Terras de Bouro e Vila-Verde.

4.1. Municipio de Vila Verde

O municipio de Vila Verde ten unha extensión territorial de 227,20 Km², 49.379 habitantes e unha densidade de poboación de 217,3 hab/km². Limita ao norte co municipio de Ponte da Barca, ao leste con Terras de Bouro, ao sueste con Amares, ao sur con Braga, ao oeste con Barcelos e ao noroeste con Ponte de Lima.

Administrativamente subdivídese en 58 freguesías.

ESTRUTURA SOCIOECONÓMICA

A estrutura socioeconómica do territorio de análise recolle tanto datos estatísticos de índole provincial/subrexional como información no ámbito comarcal e municipal. A través deste *modus operandi*, de máis a menos, obtense unha visión global da zona de estudo, sen ignorar as particularidades locais.

1. OURENSE-PONTEVEDRA-MINHO-LIMA-CÁVADO

1.1. POBOACIÓN

Os datos demográficos constitúen unha das variables máis importantes na caracterización e evolución da estrutura socioeconómica dun determinado territorio. Por iso é importante telos en conta, non só como descrición do movemento natural de persoas nesa área territorial, senón tamén no que se refire á análise da evolución da poboación ao longo do tempo.

No territorio de análise viven 1.962.263 persoas.

1.1.1. Estrutura da poboación total por idade e sexo




Gráfico 1. Pirámide de poboación territorio de estudo.
Elaboración propia a partir de IGE, 2010 e INEpt, Estimativas anuais 2009.

Á vista da pirámide de poboación, con forma de bulbo, típica das sociedades moi desenvolvidas, cabe sinalar os seguintes aspectos: ata o rango de idade 25-29 anos, o número de homes é maior que o de mulleres. Nos rangos de idade de 30-34 e 35-39 as cifras equipáranse entre elas e eles pero, a partir de aí, a proporción de mulleres con respecto aos homes aumenta de xeito progresivo ata ser máis do dobre no rango de 85 e máis anos.

A maioría da poboación concéntrase nos rangos intermedios, o que supón un alto número de persoas en idade laboral.




Gráfico 2. Pirámide de poboación da provincia de Ourense.
Elaboración propia a partir de IGE, 2010.




Gráfico 3. Pirámide de poboación da provincia de Pontevedra.
Elaboración propia a partir de IGE, 2010.




Gráfico 4. Pirámide de poboación da subrexión Minho-Lima.
Elaboración propia a partir de INEpt, Estimativas anuais 2009.




Gráfico 5. Pirámide de poboación da subrexión Cávado.
Elaboración propia a partir de INEpt, Estimativas anuais 2009.

Ao comparar os datos de cada unha das provincias e das subrexións, obsérvanse diferenzas significativas entre unhas e outras. A provincia de Pontevedra segue un patrón similar á pirámide xeral, o cal non é estraño xa que neste territorio vive case a metade da poboación de toda a zona de estudo (962.472 fronte a 1.962.263). A provincia de Ourense ten un alto número de persoas de máis

de 65 anos en comparación coa súa poboación menor de 24 anos (96.435 fronte a 61.229). A pirámide de poboación da subrexión Minho-Lima ten unha forma similar á de Ourense, só que neste caso a poboación nova e vella están máis equiparadas, sendo lixeiramente superior o número de persoas novas (61.203 fronte a 52.716). Forma case oposta á de Ourense é a da pirámide de poboación da subrexión de Cávado, onde o número de persoas menores de 24 anos é máis do dobre das persoas de máis de 65 anos (123.443 fronte a 54.569).




Gráfico 6. Poboación por provincias/subrexións e tramos de idade.
Elaboración propia a partir de IGE, 2010 e INEpt, Estimativas anuais 2009.

Na gráfica 6 pódese apreciar de xeito comparativo a distribución da poboación por tramos de idade nas dúas provincias e nas dúas subrexións estudadas, evidenciándose claramente as diferenzas xa sinaladas.

1.1.2. Evolución da poboación




Gráfico 7. Evolución da poboación residente.

Elaboración propia a partir de IGE. Padrón municipal de habitantes e Estatística de poboación 1996. INEpt. Padrón municipal de habitantes 2002 e 2009 e estimativas anuais de poboación residente 1996, 2002 e 2006.

Logo de observar a evolución da poboación no territorio de análise constátase un lixeiro incremento (4,1% desde o ano 1996). Con todo, este non se dá de xeito homoxéneo en todas as zonas: Cávado medra un 11%, Pontevedra un 4,3%, Minho-Lima un 0,9% e Ourense decrece un 3,4%.

1.1.3. Indicadores de poboación⁵

	Ourense			Pontevedra			Minho-Lima	Cávado
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Total	Total
Índice de envellecemento	249,6	174,9	211,2	129	82,2	104,8	160,5	78,3
Índice de sobreenvellecemento	19	12,5	16,2	16,2	9,1	13,3	50,5	46
Índice de dependencia global	68,2	54,8	61,4	49,7	41,2	45,5	51,9	42,9
Índice de dependencia xuvenil	14,9	15,7	15,3	17,9	19,3	18,6	20,1	24,4
Índice de dependencia senil	53,3	39,1	46,2	31,9	21,8	26,9	32	18,8
Índice de recambio da poboación en idade activa	170,3	154,7	162,3	130,4	114,8	122,4	121	139,5
Índice de masculinidade	-	-	92,7	-	-	93,7	89,3	94,1

Táboa 1. Indicadores de poboación.

IGE, 2009 e INEpt, 2009: Estimativas anuais da poboación residente e indicadores demográficos.

⁵ No caso de Portugal, os indicadores de poboación non están desagregados por sexo.

Os indicadores de poboación reforzan a información extraída das pirámides de poboación. Así o índice de envellecemento é maior na provincia de Ourense seguido da subrexión Minho-Lima. Non obstante, o índice de sobreenvellecemento é moito maior en Portugal que en Galicia, o que indica un número alto de persoas de máis de 85 anos con respecto ás de entre 65 e 85 anos.

En relación co índice de dependencia global, este mostra valores máis altos naquelas zonas onde viven máis persoas vellas. Se comparamos os índices de dependencia xuvenil e senil, vese claramente que só no Cávado, onde había máis do dobre de persoas con menos de 24 anos que maiores de 65, o primeiro é máis elevado que o segundo.

No que atinxe ao índice de recambio da poboación en idade activa, cómpre aclarar que o cómputo non se realiza igual en Galicia e en Portugal. Así, en Ourense por cada 162,3 persoas próximas ao retiro, só hai 100 persoas a incorporarse á idade activa. No caso de Pontevedra este índice é 40 puntos inferior, pero segue habendo maior número de persoas próximas a retirarse que para comezar a traballar. Se se calcula o índice desagregado por sexos, este é superior en mulleres que en homes, dato que concorda coa distribución da poboación por sexos e rangos de idade vista anteriormente.

Pola contra, este indicador no relativo a Minho-Lima e Cávado debe ser interpretado como que por cada 100 persoas próximas ao retiro, hai 121 e 139,5 persoas respectivamente en idade de incorporarse ao mercado de traballo.

Por último, o índice de masculinidade reflicte que o número de mulleres é maior que o de homes. Esta diferenza é máis acusada en Minho-Lima. Con todo, tal e como indican as pirámides de poboación, esta proporción varía cos anos, e hai un maior número de homes nas idades máis novas que diminúe a súa proporción a partir dos 40 anos. Esta tendencia vai parella á esperanza de vida que é maior nas mulleres que nos homes.

1.1.4. Indicadores demográficos

	Ourense	Pontevedra	Minho-Lima	Cávado
Taxa bruta de natalidade	6,4	9,4	7,9	9,6
Número medio de fillos/as por muller	1	1,2	1,1	1,2
Idade media á maternidade	31,2	31,3	28,5	29,1
Taxa bruta de mortalidade	14	8,8	11,6	7
Taxa bruta de nupcialidade	3,2	4,1	4,3	4,5
Idade media ao primeiro matrimonio. Homes	32,3	31,9	29,6	29,4
Idade media ao primeiro matrimonio. Mulleres	29,8	30	27,9	27,8

Táboa 2. Indicadores demográficos.
IGE, 2008 e INEpt, 2009.

Comparativamente, dentro do territorio de estudo, a taxa bruta de natalidade é maior no Cávado e en Pontevedra, as dúas zonas con maior crecemento. Pola contra, a taxa bruta de mortalidade é maior en Ourense e Minho-Lima.

Con respecto ao número medio de fillos/as por muller, este é baixo en todas as zonas xa que en ningún caso é superior ao 1,2, cifra que non asegura a remuda xeracional.

En canto á idade media do primeiro matrimonio, as mulleres casan de media dous anos antes que os homes (28,9 fronte ao 30,8). E tanto elas como eles casan antes en Portugal que en Galicia (arredor de dous anos antes).

1.1.5. Poboación estranxeira⁶

	Ourense			Pontevedra			Portugal (continente)
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Total
Nacionalidades europeas	3924	5621	9545	6847	9820	16.667	160.822
UE-27	3744	5498	9242	6481	9439	15.920	79.528
Nacionalidades africanas	380	697	1077	1449	3000	4449	124.291
América do Norte	118	81	199	280	232	512	2613
América Central	642	329	971	929	652	1581	109.244
América do Sur	3018	1594	4612	9199	6244	15.443	
Nacionalidades asiáticas	132	168	300	503	589	1092	27.814
Oceanía	4	2	6	27	20	47	243
Apátridas	0	1	1	0	3	3	31
Descoñecida	0	0	0	0	0	0	53
Total	8218	8493	16.711	19.234	20.560	39.794	425.112

Táboa 3. Poboación estranxeira por sexo e nacionalidade.
Elaboración propia a partir de INEes. Padrón municipal de habitantes. IGE,2010 e INEpt-Servizo de Estranxeiros e Fronteiras, 2008.

No ámbito do sur de Galicia, ao relacionar os datos de poboación total e os datos de poboación estranxeira, vese que a porcentaxe de persoas que proveñen doutros países é mínima (5% para a provincia de Ourense e 4,1% no caso da de Pontevedra). Ao desagregalos por sexos, a porcentaxe de estranxeiras é arredor de medio punto menor que o de estranxeiros.

⁶ En Portugal non se recollen datos no ámbito das subrexións nin desagregados por sexos.




Gráfico 8. Peso porcentual da poboación estranxeira por nacionalidade. Provincia de Ourense. Elab. propia a partir de INEes. Padrón municipal de habitantes. IGE, 2010.




Gráfico 9. Peso porcentual da poboación estranxeira por nacionalidade. Provincia de Pontevedra. Elab. propia a partir de INEes. Padrón municipal de habitantes. IGE, 2010.





Gráfico 10. Peso porcentual da poboación estranxeira por nacionalidade. Portugal continental. Elab. propia a partir de INEpt-Servizo de Estranxeiros e Fronteiras, 2008.

Se atendemos á nacionalidade de orixe da poboación estranxeira, tres son os grupos con maior presenza: América, Europa e África pero con distinto peso en cada unha das áreas. Así, máis da metade da poboación estranxeira da provincia de Ourense ten nacionalidade europea (57,1%), seguida de América (34,6%) e África, con só un 6,4%. Na provincia de Pontevedra, o grupo máis numeroso procede de América (44,1%), seguido moi de preto por persoas orixinarias de Europa (41,9%); a porcentaxe de persoas con nacionalidades africanas é de 11,2%. Con respecto a Portugal (continente), a procedencia dominante é a europea (37,8%), seguida da africana (29,2%) e moi de preto pola americana (26,3%). Nos tres casos, o peso porcentual da poboación asiática é mínima (6,5% Portugal continente, 2,7% Pontevedra e só 1,8% Ourense).

 En xeral, o territorio de estudo caracterízase por unha poboación de orixe autóctona que crece de xeito moderado.

No ámbito das zonas, o envellecemento e a baixa densidade de poboación da provincia de Ourense contrasta cunha poboación nova e unha alta densidade de poboación da subrexión do Cávado, que se sitúa en puntos intermedios a provincia de Pontevedra (máis próxima a Cávado) e a subrexión de Minho-Lima (máis próxima a Ourense).

2. MONTERREI-A CAÑIZA-TUI-VILA VERDE

Unha vez trazadas as peculiaridades demográficas propias do ámbito de análise, cómpre desagregar as características non só demográficas senón tamén laborais, económicas, educativas e sociais que identifican os municipios diana.

2.1. POBOACIÓN

Os datos relativos á poboación de índole municipal e comarcal van permitir un maior coñecemento das persoas que viven nos concellos onde van ser situados os futuros centros de dinamización integral para as mulleres.

2.1.1. Estructura da poboación por idade e sexo




Gráfico 11. Pirámide de poboación do concello de Monterrei.
Elaboración propia a partir do IGE, 2010.




Gráfico 12. Pirámide de poboación da comarca de Verín.
Elaboración propia a partir do IGE, 2010.

A pirámide do concello de Monterrei ten forma invertida, é dicir, amosa un municipio envellecido onde a poboación de persoas maiores de 65 anos triplica á poboación menor de 24 anos (1232 fronte 396). Ao observar a relación entre homes e mulleres conséntase que estas son máis numerosas nos rangos de idade inferiores a 20 e superiores a 70. Nos rangos intermedios o número de homes é lixeiramente superior ao de mulleres.

Monterrei ten o 10,5% da poboación total da comarca de Verín. A pirámide de poboación desta última ten forma de bulbo, o que indica unha poboación menos envellecida que a de Monterrei; con todo, o número de persoas maiores multiplica por case 1,8 a poboación nova (8874 fronte 5017). O groso da poboación concéntrase nos rangos intermedios. En canto á relación homes-mulleres, os primeiros son máis abondosos ata os 65 anos, idade na que o seu número decrece de xeito progresivo.




Gráfico 14. Pirámide de poboación do concello da Cañiza.
Elaboración propia a partir do IGE, 2010.




Gráfico 13. Pirámide de poboación da comarca da Paradanta.
Elaboración propia a partir do IGE, 2010.

Con respecto á pirámide do concello da Cañiza, destacar a concentración da maior parte da súa poboación nos rangos intermedios e superiores de idade. A súa base é inferior á cúspide, o que pon de manifesto o maior número de persoas nos cinco rangos de idade superiores que nos cinco inferiores (1818 fronte a 1220). Todo isto confírelle forma de porrón.

En canto á proporción de mulleres e homes, esta mantense equilibrada ata os 64 anos, idade a partir da que o número de mulleres aumenta ata case dobrar ao número de homes máis alá dos 85 anos.

A Cañiza é cabeceira de comarca e a súa poboación constitúe o 40,2% do total da Paradanta. Ao igual que acontece coa poboación do concello, na comarca concéntrase maioritariamente nos rangos intermedios de idade. Igualmente, a proporción de homes e mulleres é similar. Con todo, existen diferenzas na forma dunha e doutra pirámide; así nesta última a cúspide é maior que a base: a poboación maior de 65 anos duplica á de menos de 24 (5022 fronte a 2501).




Gráfico 15. Pirámide de poboación do concello de Tui.
Elaboración propia a partir do IGE, 2010.




Gráfico 16. Pirámide de poboación da comarca do Baixo Miño.
Elaboración propia a partir do IGE, 2010.

No caso do concello de Tui hai que destacar, ao igual que nos outros dous concellos, que a maior parte da poboación se concentra nos rangos intermedios de idade. Se se analiza a base e a cúspide, a primeira ten unha superficie maior que a segunda, indicativo de máis persoas mozas que vellas (4377 fronte a 3122). Igual que acontecía noutros territorios analizados, hai un reparto equilibrado de homes e

mulleres ata os 64 anos; a partir deste rango a proporción de mulleres en relación cos homes aumenta seguindo patróns similares aos vistos anteriormente.

Tui, cabeceira de comarca, representa o 33,9% da poboación total da comarca do Baixo Miño. As características xerais descritas para o concello son similares ás da comarca, tal e como se aprecia ao comparar as súas respectivas pirámides de poboación.




Gráfico 17. Pirámide de poboación do municipio de Vila Verde.
Elaboración propia a partir do INEpt, 2009.

Ao observar a pirámide de poboación do municipio de Vila Verde, o primeiro que chama a atención é a súa forma case piramidal, totalmente oposta á representación do concello de Monterrei. Non obstante, e a pesar de ter unha base ampla e un vértice estreito, a maior parte da poboación (tal como acontecía cos outros concellos) concéntrase nos rangos intermedios da pirámide. No tocante á proporción de persoas mozas e vellas, as primeiras supoñen case o dobre con respecto ás segundas (15.156 fronte a 7690).

O número de mulleres, a diferenza do visto nos outros concellos, é a partir do rango de idade 35-39 anos superior ao de homes, distribución que aumenta de xeito gradual ata case ser o dobre máis alá dos 85 anos, característica que comparte cos outros municipios estudados.

2.1.2. Evolución da poboación




Gráfico 18. Evolución da poboación por sexo do concello de Monterrei.
Elaboración propia a partir do IGE, 1996 e INE, 2002 e 2009.




Gráfico 19. Evolución da poboación por sexo do concello da Cañiza.
Elaboración propia a partir do IGE, 1996 e INE, 2002 e 2009.




Gráfico 20. Evolución da poboación por sexo do concello de Tui.
Elaboración propia a partir do IGE, 1996 e INE, 2002 e 2009.




Gráfico 21. Evolución da poboación por sexo do concello de Vila Verde.
Elaboración propia a partir do INEpt, Estimativas anuais 1996, 2002 e 2009.

No referente á evolución da poboación no período 1996-2009, hai diferenzas significativas entre uns e outros concellos. Fronte a perda progresiva de poboación de Monterrei (-14,8%) e A Cañiza (-14,5%) atópanse Tui e Vila Verde cuns incrementos do 7,9% e 9,6% respectivamente.

2.1.3. Indicadores de poboación

	Monterrei			Cañiza, A			Tui			Vila Verde
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Total
Índice de envellecemento	457	438,9	448,7	255,3	169,6	211,5	109,8	70,8	89,9	92,2
Índice de sobreenvellecemento	18,5	12,5	15,8	18,7	12,6	16,2	18,3	8,2	14,3	48,8
Índice de dependencia global	103,7	72,2	86,8	68,9	49,6	59	51,8	44,1	48	48,1
Índice de dependencia xuvenil	13,4	8,7	10,9	15,7	14,9	15,3	20,7	22,8	21,8	25,6
Índice de dependencia senil	90,3	63,5	75,9	53,1	34,7	43,7	31	21,3	26,2	23,1
Índice de recambio da poboación en idade activa	229,2	218	223,5	209,8	190,8	199,5	113,3	104,3	108,9	167,9
Índice de masculinidade	-	-	97,7	-	-	94,1	-	-	92,6	95,8

Táboa 4. Indicadores de poboación.

IGE, 2009 e INEpt, 2009: Estimativas anuais da poboación residente e indicadores demográficos. Índice de dependencia xuvenil, INEpt, 2008.

Os indicadores de poboación mostran, como xa se comentou en relación coas pirámides de poboación, diferenzas importantes entre uns concellos e outros. Así, o índice de envellecemento é maior nos concellos de Monterrei (448,7) e na Cañiza (211,5). Ao estudar este índice desagregado por sexos, é maior no caso das mulleres que nos homes en todos os concellos. O mesmo acontece co índice de sobreenvellecemento; isto pon de manifesto a maior esperanza de vida das mulleres. Con respecto a estes índices, cabe sinalar que en Vila Verde, municipio con maior poboación nova, o índice de envellecemento é baixo pero non acontece o

mesmo co de sobreenvellecemento, que é o maior dos catro concellos obxecto da análise.

No relativo ao índice de dependencia global, é maior nos concellos con máis poboación vella e, en concordancia co visto no parágrafo anterior, é máis alto entre as mulleres que entre os homes.

No tocante ao índice de recambio de poboación activa, nos concellos galegos son máis as persoas próximas a xubilarse que aquelas en idade de incorporarse ao mercado de traballo, todo o contrario do que acontece no concello portugués.

Por último, o índice de masculinidade amosa que, en termos xerais, o número de mulleres é superior ao de homes.

2.1.4. Indicadores demográficos

	Monterrei	A Cañiza	Tui	Vila Verde
Taxa bruta de natalidade	2,3	5,4	12,2	9,8
Número medio de fillos/as por muller	0,5	0,9	1,5	x
Idade media á maternidade	30,4	29,6	31,1	x
Taxa bruta de mortalidade	21	11,5	9,3	8
Taxa bruta de nupcialidade	3,3	2,4	4	5,1
Idade media ao primeiro matrimonio. Homes	31,8	29,9	31,2	x
Idade media ao primeiro matrimonio. Mulleres	28,4	29,2	29,7	x

Táboa 5. Indicadores demográficos.
IGE, 2008 e INEpt, 2009.

Os indicadores demográficos amosan unha menor taxa bruta de natalidade en Monterrei (2,3) e A Cañiza (5,4) e maior en Tui (12,2) e Vila Verde (9,8). Pola contra, a taxa bruta de mortalidade é máis alta nos concellos onde se concentra un maior número de persoas vellas.

Ao observar o número medio de fillos/as por muller, en todos os concellos, este está lonxe da cifra necesaria para garantir a remuda xeracional (2,1), algo que é especialmente dramático en Monterrei (0,5) e na Cañiza (0,9), concellos que tal como se viu, perden poboación.

A taxa bruta de nupcialidade é máis alta naqueles municipios onde hai un maior número de persoas en idade adulta (de máis de 25 anos). As mulleres casan antes que os homes, e é esta diferenza menor na Cañiza (29,2 fronte a 29,9) e maior en Monterrei (28,4 fronte a 31,8).

2.1.5. Migración⁷

	Monterrei			A Cañiza			Tui		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Emigración	51	54	105	110	121	231	228	249	477
Emigración interna	37	43	80	91	92	183	164	196	360
Emigración externa	14	11	25	19	29	48	64	53	117
A outra CCAA	10	9	19	16	23	39	49	42	91
Ao estranxeiro	4	2	6	3	6	9	15	11	26
Inmigración	41	66	107	116	130	246	256	249	505
Inmigración interna	28	35	63	66	86	152	173	144	317
Inmigración externa	13	31	44	50	44	94	83	105	188
Doutra CCAA	11	21	32	32	25	57	55	61	116
Do estranxeiro	2	10	12	18	19	37	28	44	72

Táboa 6. Migracións segundo tipo de migración e sexo.
Elaboración propia a partir do INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE, 2009.

En relación coas migracións, sinalar que os concellos obxecto de estudo presentan características similares. Así, en termos xerais, son máis as persoas que emigran que as que inmigran. Tanto nun como noutro caso, é maior a migración de carácter interno que a externa e, dentro desta, son máis as persoas que se decantan polo territorio nacional que por marchar ao estranxeiro. Ao desagregar os datos por sexo, son máis homes que mulleres os que migran. Ante a tendencia xeral, existe unha excepción: no concello de Tui o número de mulleres inmigrantes é lixeiramente superior a dos homes (256 fronte a 249), aínda que só no que atinxe á inmigración interna.

	Monterrei	A Cañiza	Tui
Saldo interno	-17	-31	-43
Intraprovincial	-18	-25	-25
Co resto de Galicia	1	-6	-18
Saldo externo	19	46	71
Co resto de España	13	18	25
Total	2	15	28

Táboa 7. Saldos migratorios.
Elaboración propia a partir do INE Estatísticas de variacións residenciais. IGE, 2009.

⁷ En Portugal non se recollen este tipo de datos.

Se atendemos aos saldos migratorios, o balance é positivo en todos os casos (2, 15 e 28 respectivamente). Tal e como se comentou con relación aos datos sobre migracións, o saldo migratorio indica pouca mobilidade xeográfica, xa que os movementos se producen maioritariamente a concellos próximos (dentro da mesma provincia).

2.1.6. Poboación estranxeira

	Monterrei			A Cañiza			Tui		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Total Europa	72	80	152	165	158	323	451	527	978
Unión Europea (UE-27)	65	68	133	151	142	293	415	491	906
Total África	2	3	5	3	7	10	73	120	193
Total América	12	14	26	107	61	168	255	190	445
Total Asia	0	0	0	3	3	6	5	1	6
Oceanía e apátridas	0	0	0	1	0	1	1	2	3
Total estranxeiro	86	97	183	279	229	508	785	840	1625

Táboa 8. Poboación nacida no estranxeiro por sexo e lugar de nacemento.
Elaboración propia a partir do INE, Padrón municipal de habitantes (IGE, 2010).

A poboación estranxeira que habita nestes concellos procede de Europa, maioritariamente da Unión Europea (conformada por 27 países). O segundo colectivo máis numeroso é de orixe americana, e é menor o número procedente doutros continentes. Por sexos, o número de estranxeiros é lixeiramente superior ao de estranxeiras, agás no concello da Cañiza. Neste último, destaca a presenza de case o dobre de mulleres de orixe americana que de homes (107 fronte a 61). Algo similar acontece en Tui, onde no colectivo americano o número de mulleres tamén é superior ao de homes (255 e 190, respectivamente).

Ao estudar o peso da poboación nacida no estranxeiro en relación coa poboación total, esta supón o 6,1% (5,7% mulleres e 6,5% homes), o 7,8 % (8,3% mulleres e 7,2% mulleres) e o 9,4 % (8,7% mulleres e 10,1% homes) en Monterrei, A Cañiza e Tui respectivamente.




Gráfico 22. Porcentaxe de persoas estranxeiras por lugar de procedencia. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, Padrón municipal de habitantes (IGE, 2010).




Gráfico 23. Porcentaxe de persoas estranxeiras por lugar de procedencia. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, Padrón municipal de habitantes (IGE, 2010).




Gráfico 24. Porcentaxe de persoas estranxeiras por lugar de procedencia. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, Padrón municipal de habitantes (IGE, 2010).

Logo de analizar a porcentaxe de persoas estranxeiras por lugar de procedencia de cada un dos concellos, destaca o seguinte: no concello de Monterrei o 83,1% da poboación estranxeira ten orixe europea, seguida a moita distancia daquela procedente de América (14,2%) e de África (só un 2,7%).

No concello da Cañiza, pola súa parte, tamén predomina a procedencia europea (63,3%) seguida da americana (33,1%) e, en menor medida, a africana (2%). Neste concello tamén se atopa unha pequena colonia de orixe asiática, que supón só o 1,2% do total da poboación estranxeira. O restante 0,2% procede de Oceanía ou son apátridas.

Por último, no concello de Tui, a porcentaxe de persoas estranxeiras procedente de Europa constitúe o 60,2% do total de poboación estranxeira. As de orixe americano supoñen o 27,4%, seguidas das de procedencia africana (11,9%). As colonias asiática e de Oceanía e apátridas teñen un peso mínimo de só o 0,4% e 0,2% respectivamente.



A análise no ámbito municipal e comarcal segue as mesmas pautas vistas na descrición provincial e/ou subrexional.

Fronte ao envellecemento e perda de poboación dos concellos do interior, Monterrei e A Cañiza, están os máis costeiros, Tui e Vila Verde. Estes últimos teñen maior número de persoas novas que vellas e a súa poboación creceu nos últimos anos, especialmente en Vila Verde.

En números absolutos, o número de mulleres é maior que o de homes. Ao analizar os rangos de idade, a proporción de homes con respecto ás mulleres diminúe cos anos. Esta diferenza é abismal na poboación de máis de 85 anos. Esta característica, común nos catro concellos, indica a maior esperanza de vida das mulleres.

As persoas inmigrantes proceden maioritariamente de Europa, seguidas de América. Hai máis homes que mulleres de orixe estranxeira, agás na Cañiza e en Tui. Neste último concello a excepción só é aplicable ao colectivo de orixe americana.

2.2. MERCADO LABORAL⁸

Nesta epígrafe estúdase o comportamento da poboación con respecto á actividade económica.

2.2.1. Poboación activa e poboación inactiva




Gráfico 25. Porcentaxe de poboación de máis de 16 anos en relación coa actividade económica. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 26. Porcentaxe de poboación de máis de 16 anos en relación coa actividade económica. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, 2001.

⁸ Para esta epígrafe, naqueles casos onde non haxa datos do ámbito municipal tómase como referencia o ámbito xeográfico superior (comarca/subrexión ou provincia/rexión).




Gráfico 27. Porcentaxe de poboación de máis de 16 anos en relación coa actividade económica. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 28. Porcentaxe de poboación segundo condición perante o traballo. Rexión Norte. Elaboración propia a partir do 4.º trimestre, 2010. INEpt, *Inquerito a emprego*.

Ao observar as porcentaxes de poboación de máis de 16 anos en relación coa actividade económica dos territorios obxecto de estudo, cabe destacar varios aspectos:

En Monterrei, máis do 40% da poboación está xubilada ou é pensionista. Pola contra, a poboación ocupada e parada (poboación activa) supón o 32% do total. Así mesmo, o 15,4% dedícase a tarefas do fogar e o 5,1% é estudante.

Na Cañiza, a repartición de porcentaxes é lixeiramente diferente. Así, a poboación xubilada e pensionista constitúe o 30% do total, mentres que a porcentaxe de poboación ocupada e parada é do 42,6%. O ítem de tarefas do fogar é desempeñada polo 16,4% e só un 5% son estudantes.

En Tui, a situación cambia de xeito importante: só o 18,6% da poboación é pensionista ou xubilada. Máis da metade da poboación (51,3%) está ocupada e case o 6% está parada. As persoas cuxa principal actividade son as tarefas do fogar representan o 14,4% e os estudantes o 7,4%.

Na Rexión Norte, o grupo dos reformados (xubilados) máis outros inactivos acadan o 24,4% do total. Pola contra, a poboación ocupada ascende ao 46,2% e a

parada ten un peso do 6,7%. Os domésticos (persoas que realizan tarefas do fogar) e os estudantes constitúen o 5,6% e o 17,1% respectivamente.

Feita esta composición de situación, cómpre desagregar os datos anteriores para cada un dos concellos.




Gráfico 30. Porcentaxe de poboación activa e inactiva por sexo. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 29. Porcentaxe de mulleres e homes segundo situación económica. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 32. Porcentaxe de poboación activa por situación e sexo. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 31. Porcentaxe de poboación activa segundo sexo e situación. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 33. Porcentaxe de poboación inactiva por situación e sexo. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 34. Porcentaxe de poboación inactiva segundo sexo e situación. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do INE, 2001.

O Concello de Monterrei ten unha alta porcentaxe de poboación inactiva: o 67,8% fronte a só o 32,2% de poboación activa. Se esta variable é analizada por sexos (gráfica 29) vese que as mulleres representan o 57,3% da poboación inactiva e só o 35,6% da poboación activa.

No relativo á poboación activa, a porcentaxe de mulleres ocupadas é lixeiramente superior á de homes ocupados (81,9% fronte ao 79%). Con todo, ao estudar a relación sexo e ocupada/parada, as mulleres supoñen só o 36,4% do total de poboación ocupada.

Con respecto á poboación inactiva, a situación máis frecuente para as mulleres é tarefas do fogar (38,2%), seguida de xubilada (28,5%) e pensionista (20,2%); para os homes, en cambio, é xubilado (70,1%), e é ínfima a porcentaxe de homes cuxa ocupación é tarefas do fogar (1,9%).




Gráfico 36. Porcentaxe de poboación activa e inactiva por sexo. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 35. Porcentaxe de mulleres e homes segundo situación económica. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 38. Porcentaxe de poboación activa por situación e sexo. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 37. Porcentaxe de poboación activa segundo sexo e situación. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 39. Porcentaxe de poboación inactiva por situación e sexo. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 40. Porcentaxe de poboación inactiva segundo sexo e situación. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do INE, 2001.

O concello da Cañiza ten maior porcentaxe de poboación inactiva (57,4%) que de poboación activa (42,6%). Ao estudar o peso de homes e mulleres segundo activa/inactiva (gráfica 36), as porcentaxes indican que as mulleres son maioría no grupo de poboación inactiva (65,7%) e minoría no grupo de poboación activa (só o 36,6%).

No tocante á poboación activa, o seu índice de paro é do 12%, e é case dous puntos superior nas mulleres (13,2%) que nos homes (11,4%). Algo significativo se se ten en conta que as mulleres só teñen un peso porcentual do 36,1% dentro da poboación ocupada (gráfica 37).

Ao analizar a composición da poboación inactiva, ao igual que acontecía en Monterrei, a maioría dos homes concéntranse na categoría xubilado (61%); en cambio, no caso das mulleres, ten maior peso a categoría tarefas do fogar (41,4%) seguido de xubilada (32,9%).




Gráfico 42. Porcentaxe de poboación activa e inactiva por sexo. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 41. Porcentaxe de mulleres e homes segundo situación económica. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 44. Porcentaxe de poboación activa por situación e sexo. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 43. Porcentaxe de poboación activa segundo sexo e situación. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 46. Porcentaxe de poboación inactiva por situación e sexo. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, 2001.




Gráfico 45. Porcentaxe de poboación inactiva segundo sexo e situación. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do INE, 2001.

No concello de Tui, ao contrario do visto en Monterrei e A Cañiza, a porcentaxe de poboación activa (57,2%) é superior a de poboación inactiva (42,8%), pero só en termos xerais e para os homes; no relativo ás mulleres, o 55,8% son consideradas poboación inactiva (44,2% poboación activa).

En referencia á variable de poboación activa, debemos salientar unha menor porcentaxe de persoas paradas que na Cañiza (10,3%), pero unha maior diferenza porcentual entre o paro feminino (13,2%) e o masculino (8,3%). Deste xeito, máis da metade da poboación parada son mulleres (52,1%) (gráfica 43).

Con respecto á poboación inactiva, aínda que varían as porcentaxes, mantense o mesmo esquema visto nos concellos precedentes: dentro dos homes, son maioría os xubilados (54,9%) mentres que elas se dedican fundamentalmente ás tarefas do fogar (48,3%).




Gráfico 47. Porcentaxe de poboación activa segundo situación. Rexión Norte. Elaboración propia a partir do 4.º trimestre, 2010. INEpt, *Inquerito a emprego*.




Gráfico 48. Porcentaxe de poboación inactiva segundo situación. Rexión Norte. Elaboración propia a partir do 4.º trimestre, 2010. INEpt, *Inquerito a emprego*.

Na Rexión Norte, ao analizar o peso porcentual da poboación activa segundo a súa situación, constátase que o 12,7% desta se atopa parada.

Ao facer o propio coa poboación inactiva, cómpre sinalar diferenzas e semellanzas con respecto aos concellos galegos: a principal diferenza é a alta porcentaxe de estudantes (36,3%), aspecto evidente se se teñen en conta os datos sobre poboación nova comentados na epígrafe de poboación.

A principal semellanza é que son as mulleres as que se dedican ás tarefas do fogar (domésticos) xa que só o 0,1% dos homes se inscriben nesa categoría.

Esta característica, común a todo o territorio analizado, pon de manifesto a persistencia de roles tradicionais de xénero que inflúen nas tarefas que unhas e outros desempeñan. Do mesmo modo fano na incorporación e permanencia das mulleres no mercado laboral, ao seren elas as que máis sofren a situación de paro.

2.2.2. Taxas de actividade, ocupación e paro

	Monterrei			A Cañiza			Tui			Vila Verde
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Total
Taxa de actividade	22,8	41,8	32,2	29,3	57,8	42,6	44,2	71,6	57,2	41,6
Taxa de ocupación-emprego	18,7	33	25,8	25,4	51,3	37,5	38,4	65,6	51,3	49
Taxa de paro-desemprego	18,1	21	20	13,2	11,4	12	13,2	8,3	10,3	5,4
Taxa de actividade feminina	x	x	x	x	x	x	x	x	x	32,34

Táboa 9. Taxas de actividade, ocupación e paro. Concellos. INE e INEpt, 2001.

Os datos dispoñibles sobre taxas de actividade, ocupación e paro no ámbito municipal son do último censo realizado (2001). Segundo estes, a taxa de actividade masculina case dobraba á feminina, agás en Vila Verde, onde esta era do 32,34 %. Así mesmo, esta era maior nos concellos costeiros (Tui e Vila Verde). A taxa de ocupación segue o mesmo esquema comentado para a taxa de actividade. No tocante á taxa de paro, chama especial atención o dato de Monterrei por dúas circunstancias: a súa alta porcentaxe (20%) e que este fose tres puntos maior entre os homes (21%) que entre as mulleres (18,1%).

	Ourense			Pontevedra			Rexión Norte		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Taxa de actividade	41,7	55,6	48,3	47,6	62,7	54,8	55,8	69,7	62,4
Taxa de ocupación-emprego	34	46,8	40,2	38,8	50,9	44,6	47,7	61,9	54,5
Taxa de paro-desemprego	18,6	15,7	17	18,5	18,8	18,7	14,5	11,1	12,7

Táboa 10. Taxas de actividade, ocupación e paro. Provincia/ rexión. 4.º trimestre de 2010. IGE- INE e INEpt.

Existe información máis actualizada en relación con estas taxas, pero os datos recollidos son de carácter provincial/ rexional. Á vista deles, a taxa de actividade é maior entre os homes que entre as mulleres (arredor de 15 puntos máis alta). Dentro desta, son eles os que teñen unha taxa máis alta de ocupación e elas unha taxa máis alta de paro. A diferenza é só de 0,3 puntos no caso de Pontevedra.

No ámbito territorial é a Rexión Norte a que presenta unha taxa de paro menor (12,7%) fronte ao 17% de Ourense e do 18,7% de Pontevedra. En canto á taxa de ocupación, esta tamén é maior na zona norte de Portugal (54,5%) que en Pontevedra (44,6%) e Ourense (40,2%).

2.2.3. Poboación ocupada




Gráfico 49. Porcentaxe de poboación ocupada segundo rama de actividade. Elaboración propia a partir do INE e INEpt, 2001.

Ao analizar a poboación ocupada segundo rama de actividade, os catro municipios presentan distribucións similares. Deste xeito, é o sector servizos o que máis persoas ocupa (arredor do 50%), seguido da industria e a construción. Pola contra, o sector primario ten un peso baixo (menos do 10%).

Cómpre agora analizar cal é o peso de homes e mulleres nas distintas ramas de actividade en cada un dos concellos.




Gráfico 50. Porcentaxe de poboación ocupada segundo rama de actividade e sexo. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir de INE 2001.




Gráfico 51. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e rama de actividade. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir de INE, 2001.

No concello de Monterrei máis da metade das mulleres ocupadas (56,3%), desenvolven a súa actividade no sector servizos, mentres que só unha pequena porcentaxe (2,4%) se dedica á construción. O seguinte sector en ocupación feminina é a industria (30,1%) seguido da agricultura (11,2%).

Non obstante, se se ten en conta o peso de mulleres e homes en cada unha das ramas de actividades, o deles é maior que o delas en todos, e é na industria onde existe un maior equilibrio (48,6% mulleres fronte ao 51,4% homes) e na construción onde se dá o maior desequilibrio (só o 4,4% son mulleres).




Gráfico 52. Porcentaxe de poboación ocupada segundo rama de actividade e sexo. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir de INE, 2001.




Gráfico 53. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e rama de actividade. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir de INE, 2001.

No concello da Cañiza case o 70% das mulleres ocupadas está empregada no sector servizos, o 22% na industria, o 7% na agricultura, o 2,6% na construción e un 0,7% na pesca.

Ao observar o peso porcentual de homes e mulleres por rama de actividade, o peso deles, igual que acontecía en Monterrei, é maior que o delas. Con todo, existe unha excepción no sector da pesca (tradicionalmente masculino), onde o 60% das persoas ocupadas son mulleres. O sector máis equilibrado é o de servizos e é, unha vez máis, o sector da construción o que é copado case na súa totalidade por homes.




Gráfico 54. Porcentaxe de poboación ocupada por rama de actividade e sexo. Concello de Tui. Elaboración propia a partir de INE, 2001.




Gráfico 55. Porcentaxe de poboación ocupada por sexo e rama de actividade. Concello de Tui. Elaboración propia a partir de INE, 2001.

No concello de Tui, tal e como se comentou para A Cañiza, as mulleres ocupadas sitúanse por orde de importancia no sector servizos (63,9%), industria (16,9%), agricultura (15,3%), construción (3,1%) e pesca (0,8%). Ao comparar esta distribución coa dos homes, vese que mentres elas se insiren maioritariamente nunha única rama de actividade, eles reparten o seu peso porcentual en varias, principalmente tres: servizos, industria e construción.

Se se presta atención ao peso de cada sexo por rama de actividade, hai pequenas diferenzas con respecto aos concellos de Monterrei e A Cañiza. Así, case o 70% das persoas ocupadas na agricultura son mulleres. Na pesca e nos servizos existe un equilibrio entre mulleres e homes (60%-40%); na industria e na construción é onde se dá un maior desequilibrio a favor dos homes.

A continuación, analízase a poboación ocupada segundo situación profesional.




Gráfico 56. Porcentaxe de poboación ocupada segundo situación profesional. Elaboración propia a partir de INE, 2001.

En termos xerais, a poboación ocupada esta por conta allea, e é a porcentaxe de traballadores/as por conta propia máis alta en Monterrei (23,8%) que en Tui (17,6%) e na Cañiza (16,8%).




Gráfico 57. Porcentaxe de poboación ocupada segundo situación profesional e sexo. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir de INE, 2001.




Gráfico 58. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e situación profesional. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir de INE, 2001.

No concello de Monterrei a porcentaxe de mulleres e homes ocupados segundo a súa situación profesional é moi similar, e é lixeiramente superior o peso das traballadoras que a dos traballadores por conta propia (24,8% e 23,2% respectivamente).

Ao analizar esta variable en función do peso que homes e mulleres teñen por cada categoría, o peso delas é menor, agás “noutras situacións” onde o peso é parello (50%-50%).




Gráfico 59. Porcentaxe de poboación ocupada segundo situación profesional e sexo. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir de INE, 2001.




Gráfico 60. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e situación profesional. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir de INE, 2001.

No concello da Cañiza, ao igual que en Monterrei, a porcentaxe de traballadoras por conta propia é maior que a de traballadores na mesma situación (18,6% fronte ao 15,7%). Con todo, a maioría das persoas ocupadas, independentemente do seu sexo, sono por conta allea.

Ao observar a situación profesional en función da proporción de mulleres e homes por categoría, eles teñen maior peso que elas tanto como traballadores por conta propia (59,9% fronte ao 40,1%) como por conta allea (66% fronte ao 34%).




Gráfico 61. Porcentaxe de poboación ocupada segundo situación profesional e sexo. Concello de Tui. Elaboración propia a partir de INE, 2001.




Gráfico 62. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e situación profesional. Concello de Tui. Elaboración propia a partir de INE, 2001.

No concello de Tui, mulleres e homes presentan porcentaxes similares tanto como traballador/a por conta propia como por conta allea, e é esta última categoría onde se sitúa a maior porcentaxe de poboación ocupada.

Se atendemos ao peso porcentual de mulleres e homes por situación profesional debemos sinalar, tal como se viu para os outros concellos, que son eles os que presentan maiores porcentaxes, agás na categoría “outras situacións” onde o peso das mulleres sobre o total acada o 70,2%. Temos que salientar, así mesmo, que na categoría traballadoras/es por conta propia pode dicirse que existe unha situación case equilibrada (39,9% mulleres fronte ao 60,1% homes).




Gráfico 63. Porcentaxe de poboación ocupada segundo situación profesional e sexo. Rexión Norte. Elaboración propia a partir de INEpt. *Inquerito a emprego*. 4.º trimestre, 2010.




Gráfico 64. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e situación profesional. Rexión Norte. Elaboración propia a partir de INEpt. *Inquerito a emprego*. 4.º trimestre, 2010.

Na Rexión Norte, a situación profesional de mulleres e homes presenta porcentaxes similares: hai unha diferenza de 2,5 puntos porcentuais a favor das mulleres na categoría “por conta allea” e a favor dos homes na categoría “por conta propia”.

Ao observar o peso porcentual de mulleres e homes en cada un dos ítems, vese unha situación de equilibrio (dentro dos marxes 40%-60%) en todos eles.

O seguinte aspecto que se considerou en relación coa poboación ocupada é a profesión.




Gráfico 65. Porcentaxe de poboación ocupada por profesión. Provincia de Ourense. Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 4.º trimestre, 2010⁹.

⁹ F. A: forzas armadas; D. A. P: dirección de empresas e das administracións públicas; T. C. I: técnicos e profesionais científicos e intelectuais; T. A: técnicos e profesionais de apoio; E. A: empregados de tipo administrativo; T. S: traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; T. C: traballadores cualificados na agricultura e na pesca; A. C: artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minería (excepto operadores de instalacións e maquinaria); O: operadores de instalacións, maquinaria e montadores; T. N. C: traballadores non cualificados.




Gráfico 66. Porcentaxe de poboación ocupada por profesión. Provincia de Pontevedra. Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 4.º trimestre, 2010.




Gráfico 67. Porcentaxe de poboación ocupada por profesión. Rexión Norte. Elaboración propia a partir de INEpt. Enquisa de emprego. 4.º trimestre, 2010.

Segundo a enquisa de poboación activa, as profesións que ocupan a máis persoas na provincia de Ourense son por orden descendente: traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (17,7%); artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, construción e minería (15,1%) e traballadoras/es non cualificados (12,5%). Pola contra, son as forzas armadas (0,2%) e técnicos/as profesionais, científicos e intelectuais (6,3%) as que rexistran un menor porcentaxe de ocupación.

Con respecto á provincia de Pontevedra hai que sinalar que son os/as traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (16%); artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, construción e minería (15,2%) as categorías, ao igual que acontecía en Ourense, que rexistran máis poboación ocupada. A continuación estarían as/os técnicas/os e profesionais de apoio e técnicos/as profesionais, científicos/as e intelectuais con valores moi semellantes (12,5% e 12,2%

respectivamente). No último grao, están as forzas armadas (1%) e os/as traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca (4,3%).

Pola súa banda, na Rexión Norte case a cuarta parte da súa poboación ocupada estao como artesáns e traballadores/as cualificados das industrias manufactureiras, construción e minería (24,7%). As dúas seguintes categorías son traballadoras/es dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (14,6%) e traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca (11,2%). En cambio, son as forzas armadas (0,5%) e a dirección de empresas e administracións públicas (5,3%) as que ocupan a un menor volume de poboación.

A continuación faise unha análise da profesión por provincia/rexión desagregados por sexo co obxecto de observar se mulleres e homes se insiren nos mesmos ámbitos ocupacionais ou, en cambio, hai diferenzas entre a elección deles e delas.




Gráfico 68. Porcentaxe de poboación ocupada segundo profesión e sexo. Provincia de Ourense. Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 4.º trimestre, 2010.




Gráfico 69. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e profesión. Provincia de Ourense. Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 4.º trimestre, 2010.

Na provincia de Ourense as porcentaxes dunhas e doutros, atendendo á súa profesión, son diferentes; así, o 29,3% das mulleres ocupadas dedícanse aos servizos de restauración, persoais, protección e venda en comercios e o 17,9% son traballadoras non cualificadas. No caso dos homes, un 25,8% son artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minería e un 17,5% son operadores de instalacións e maquinarias. Son nestas profesións, xunto coa das forzas armadas, onde hai un menor número de mulleres (1,6% e 2,9% respectivamente).

Estas diferenzas fanse máis perceptibles, se cabe, ao examinar o peso da poboación ocupada feminina e masculina segundo a súa profesión (gráfica 69): non hai ningunha muller nas forzas armadas, só o 4,6% son artesáns e traballadoras cualificadas e o 11,7% son operadoras de instalacións e maquinaria. Pola contra, supoñen o 73% do persoal de servizos, restauración e comercio. No resto de profesións hai un reparto máis equilibrado, con maior presenza masculina que feminina, agás en empregados/as de tipo administrativo (58,2% vs 40,8%) e traballadoras/es non cualificadas/os (63,2% vs 36,8%)




Gráfico 70. Porcentaxe de poboación ocupada segundo profesión e sexo. Provincia de Pontevedra. Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 4.º trimestre, 2010.




Gráfico 71: Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e profesión. Provincia de Pontevedra. Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 4.º trimestre, 2010.

Na provincia de Pontevedra, pola súa banda, debemos salientar que a cuarta parte das mulleres desenvolven profesións relacionadas coa restauración, persoais e comercio; o 15,2% son técnicas e profesionais científicas e intelectuais e o 14,6% son traballadoras non cualificadas. Eles, en cambio, desenvolven a súa profesión como artesáns e traballadores cualificados (25%), operadores de instalacións e maquinaria (17,8%) e técnicos e profesionais de apoio (11,3%).

Ao estudar a porcentaxe deles e delas por profesión, as mulleres teñen un peso menor naquelas profesións consideradas “tradicionalmente masculinas”. Pola contra, son o 72,1% naquelas relacionadas co comercio, restauración e servizos ás persoas, o 63% do persoal non cualificado e o 59,1% nas actividades de tipo administrativo. Tamén temos que facer mención ao feito de que o 56,4% do persoal técnico e profesional científico son mulleres.




Gráfico 72. Porcentaxe de poboación ocupada segundo profesión e sexo. Rexión Norte. Elaboración propia a partir de INEpt. Enquisa de emprego. 4.º trimestre, 2010.




Gráfico 73. Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e profesión. Rexión Norte. Elaboración propia a partir de INEpt. Enquisa de emprego. 4.º trimestre, 2010.

Na Rexión Norte hai que destacar que, entre as mulleres, sobresaie lixeiramente a categoría de servizos de restauración, persoais e comercio (21,4%) por riba de artesáns e traballadoras cualificadas (15,2%) e traballadoras non cualificadas (14,9%). Entre os varóns, a familia profesional que acumula máis

persoal é a de artesáns e traballadores cualificados (32,8%) seguida a moita distancia de operarios (11,4%) e traballadores cualificados (10,8%).

Ao abeiro destes datos, semella que no norte de Portugal hai un reparto máis equilibrado de mulleres e homes nas distintas profesións que en Ourense e Pontevedra, aínda que se se observa a proporción delas e deles en relación con cada categoría (gráfica 73) atópase, tal e como acontecía nas provincias galegas, a existencia de segregación horizontal e vertical.

Así, na Rexión Norte, as mulleres teñen un maior peso porcentual nas ocupacións non cualificadas (68,8%) e naquelas relacionadas coa atención persoal e o coidado: servizos persoais, restauración e comercio (67,2%) e emprego de tipo administrativo (56,3%). Pola contra, só supoñen o 7,7% das forzas armadas e o 24,7% na dirección de empresas e cargos administrativos. Asemade, ao igual que en Pontevedra, máis da metade do persoal técnico e profesional científico e intelectual son mulleres. Isto é indicativo de dous fenómenos: por un lado, unha maior demanda de persoal formado na zona costeira e, polo outro, que a maior formación, danse maiores opcións de acceso e permanencia no mercado laboral para as mulleres.

2.2.4. Poboación parada




Gráfico 74. Evolución da poboación parada por mes. Ano 2010. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010 e o Instituto do Emprego e Formación Profesional, IP: 2010.




Gráfico 75. Evolución da poboación parada feminina por mes. Ano 2010. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010 e o Instituto do Emprego e Formación Profesional, IP: 2010.

Logo de observar a evolución da poboación parada en xeral, e da feminina en particular, vese un patrón similar nunha e noutra gráfica para cada un dos municipios. Así, o número de persoas paradas mantense estable en Monterrei e A Cañiza ao longo de todo o ano; hai un pequeno aumento en Tui nos meses de maio e outubro, mentres que Vila Verde presenta unha maior oscilación, producíndose dous picos: un en maio e outro en setembro. O valor máis baixo dáse no mes de xullo.

A continuación vaise analizar a evolución da poboación parada segundo sector e sexo por municipio.




Gráfico 76. Evolución da poboación parada por sector ao longo do 2010. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 77. Evolución da poboación parada segundo sexo ao longo do ano 2010. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.

No concello de Monterrei, o número de persoas paradas no sector servizos baixa ata o mes de setembro para, a partir deste punto, subir lixeiramente de xeito progresivo ata final de ano. Na construción hai pequenas oscilacións ata o mes de setembro, mes que marca o inicio dunha tendencia caracterizada polo aumento das persoas sen emprego. Na industria mantense o mesmo número, cunha pequena subida a mediados de ano. O colectivo sen emprego anterior comeza o ano á baixa, pero a partir de abril dáse un incremento que se mantén ata xuño para, xa na segunda metade do ano, producirse lixeiras oscilacións que nos dous últimos meses son á alza. O sector primario amosa dous picos: unha subida en abril e unha baixada en setembro, mes no que a vendima demanda man de obra.

Ao examinar a evolución segundo sector en relación co sexo, é importante destacar a alza do número de persoas desempregadas a partir do mes de setembro, que é maior entre os homes pola baixa nun sector con claro predominio masculino como é a construción.




Gráfico 78. Evolución da poboación parada por sector ao longo do 2010. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 79. Evolución da poboación parada segundo sexo ao longo do ano 2010. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.

No Concello da Cañiza non hai grandes contrastes ao longo do ano, salvo unha excepción: a tendencia á baixa no sector servizos, que ten o seu punto mínimo no mes de setembro, momento a partir do cal sobe para manterse estable nos dous últimos meses do ano.

No tocante á evolución do paro por sexos, son os homes os que o sofren en maior medida. O colectivo feminino, pola súa parte, presenta un menor número de persoas en paro no mes de setembro para logo volver a subir a niveis moi similares aos de principio do ano. Tal e como acontecía en Monterrei en relación co ámbito da construción, esta diminución do paro entre as mulleres coincide cunha maior demanda de man de obra nun sector claramente feminizado, como é o de servizos.




Gráfico 80. Evolución da poboación parada por sector ao longo do 2010. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 81. Evolución da poboación parada segundo sexo ao longo do ano 2010. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.

No concello de Tui non hai grandes variacións ao longo do ano en ningún dos sectores, coa excepción dunha pequena curva cara a abaixo nos meses de verán no ámbito servizos, algo de esperar se se ten en conta que Tui é unha das cidades máis visitadas de Galicia.

Con respecto á evolución da poboación parada por sexos cabe destacar un maior número de mulleres afectadas por esta situación. En ambos os dous grupos hai unha redución nos meses de verán, que coincide coa maior demanda do sector servizos.




Gráfico 82. Evolución da poboación parada segundo sexo ao longo do ano 2010. Municipio de Vila Verde. Elaboración propia a partir das estatísticas mensuais do Instituto do Emprego e Formación Profesional, IP: 2010.




Gráfico 83. Número de persoas desempregadas inscritas por sexo e mes. Ano 2010. Municipio de Vila Verde. Elaboración propia a partir das estatísticas mensuais do Instituto de Emprego e Formación Profesional, IP: 2010.




Gráfico 84. Número de colocacións efectuadas (movementos mensuais) por sexo e mes. Ano 2010. Municipio de Vila Verde. Elaboración propia a partir de estatísticas mensuais do Instituto de Emprego e Formación Profesional, IP: 2010.

No municipio de Vila Verde non hai datos desagregados por sectores, pero si por sexo. En relación con esta última variable, podemos dicir que o paro lles afecta a máis mulleres que homes (arredor de 500), diferenza que se mantén ao longo do ano. Para ambos os dous colectivos o número de persoas paradas é menor en xullo e a finais de ano hai menos persoas paradas que ao principio (51 mulleres e 32 homes menos).

Con respecto ao número de persoas desempregadas inscritas (gráfica 83) e o número de colocacións efectuadas (gráfica 84)¹⁰, só podemos comentar que foi no mes de setembro cando máis mulleres se inscribiron como desempregadas (214). Pola contra, os meses que presentan máis colocacións de mulleres foron abril e novembro (20 por mes).

Unha vez analizada a evolución por sector, cómpre centrarse brevemente na variación ao longo do ano por grupos de idade.

¹⁰ Esta información só se publica en Portugal




Gráfico 85. Evolución da poboación parada por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 86. Evolución da poboación parada feminina por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 87. Evolución da poboación parada masculina por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 88. Evolución da poboación parada por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 89. Evolución da poboación parada feminina por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 90. Evolución da poboación parada masculina por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 91. Evolución da poboación parada por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 92. Evolución da poboación parada feminina por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello de Tui. Elaboración propia a partir de Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 93. Evolución da poboación parada masculina por grupos de idade ao longo do ano 2010. Concello de Tui. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, IGE: 2010.




Gráfico 94. Evolución da poboación parada por grupos de idade ao longo do ano 2010. Municipio de Vila Verde. Elaboración propia a partir das Estatísticas Mensuais do Instituto de Emprego e Formación Profesional, IP: 2010.

Se atendemos á idade, en liñas xerais, non hai grandes variacións do principio ao fin do ano nos catro municipios. Non obstante, hai pequenas peculiaridades, como as que se sinalan a continuación.

- En Monterrei a cifra de persoas paradas mantense estable en todos os grupos de idade, tanto na poboación parada como no que se refire só ás mulleres.
- Na Cañiza, pola contra, aumenta o número de persoas sen emprego (tamén mulleres), agás para aquelas máis novas (menos de 25 anos).
- En Tui o número de persoas desempregadas acrecéntase no grupo de máis de 34 anos e contráese nos grupos de menores de 25 e de 25 a 34, (cómputo global). No que atinxe ao colectivo feminino, hai máis desempregadas en todos os grupos de idade en decembro das que había en xaneiro.
- En Vila Verde a evolución de persoas desempregadas é á baixa, se exceptuamos ás maiores de 55 anos.

A continuación analizamos os datos do paro en relación co nivel formativo das persoas que se atopan nesta situación.




Gráfico 95. Porcentaxe de poboación parada por nivel de formación acadado. Provincia de Ourense. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado (4.º trimestre de 2010). Consellería de Traballo e Benestar.




Gráfico 96. Porcentaxe de poboación parada por nivel de formación acadado e sexo. Provincia de Ourense. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado (4.º trimestre de 2010). Consellería de Traballo e Benestar.




Gráfico 97. Porcentaxe de poboación parada por nivel de formación acadado. Provincia de Pontevedra. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado (4.º trimestre de 2010). Consellería de Traballo e Benestar.




Gráfico 98. Porcentaxe de poboación parada por nivel de formación acadado e sexo. Provincia de Pontevedra. Elaboración propia a partir do Informe do paro rexistrado (4.º trimestre de 2010). Consellería de Traballo e Benestar.




Gráfico 99. Porcentaxe de poboación parada por nivel de formación acadada. Municipio de Vila Verde. Elaboración propia a partir de estadísticas mensuais. Instituto de Empleo e Formación Profesional IP, decembro de 2010.

Ao abeiro das gráficas anteriores (da 92 á 96) podemos concluír que tanto na provincia de Ourense como na de Pontevedra, a maior porcentaxe de poboación parada correspóndelle a persoas con estudos secundarios de 1.ª etapa (39% e 43,6% respectivamente), seguido daquelas con estudos superiores (25,8% e 21,7%) e con estudos secundarios de 2.ª etapa (18,6% e 21,3%).

Se se estuda o nivel de formación en función das persoas paradas, hai diferenzas entre as dúas provincias galegas: en Ourense son máis mulleres con estudos superiores as que se atopan en situación de desemprego (35,3%). No caso dos homes, máis da metade da poboación sen traballo ten estudos secundarios de 1.ª etapa. En Pontevedra, pola contra, en ambos os dous grupos, a maior porcentaxe de paro concéntrase no colectivo con educación secundaria de 1.ª etapa (39,7% e 46,8% respectivamente). O segundo máis afectado, por sexo, son as mulleres con estudos superiores (29,2%) e os homes con estudos secundarios de 2.ª etapa (21,9%).

Por último, no tocante a esta cuestión, debemos sinalar que no municipio de Vila Verde¹¹, o 30,5% das e dos desempregados teñen estudos de primeiro ciclo de educación básica, o 21,1% de terceiro ciclo de educación básica e o 18,4% teñen estudos secundarios. Pola súa parte, o paro afecta menos a aquelas persoas con menos estudos (5,2%) e con estudos superiores (7,5%).

2.2.5. Contratos




Gráfico 100. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo tipo de contrato e sector de actividade económica. Centro de Traballo en Monterrei. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.

¹¹ No caso de Portugal, a diferenza de Galicia, recóllense datos no ámbito municipal (non desagregados por sexo).




Gráfico 101. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo tipo de contrato e sexo. Centro de Traballo en Monterrei. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.




Gráfico 102. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo xénero e tipo de contrato. Centro de Traballo en Monterrei. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.

No concello de Monterrei, case a totalidade dos contratos, independentemente do sector de actividade, son de carácter temporal; na construción e servizos hai un pequeno porcentaxe de conversión a indefinidos (12,5% e 7,9% respectivamente). Ao estudar a situación por sexo, a porcentaxe de contratos temporais é lixeiramente superior nos homes que nas mulleres (97,4% fronte a 93,8%).




Gráfico 103. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo tipo de contrato e sector de actividade económica. Centro de Traballo na Cañiza. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.




Gráfico 104. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo tipo de contrato e sexo. Centro de Traballo na Cañiza. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.




Gráfico 105. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo xénero e tipo de contrato. Centro de Traballo na Cañiza. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.

No concello da Cañiza, a situación varía de xeito moderado: na agricultura a totalidade dos contratos son temporais. No resto dos sectores o peso varía entre o 88,8% da construción e o 77,5% da industria. Tamén é neste último sector onde hai unha maior porcentaxe de contratos que se convarten en indefinidos (16,9%), seguido do sector servizos (10%).

Ao observar esta cuestión en función do sexo, hai unha pequena diferenza de 4,1 puntos porcentuais entre mulleres e homes (83% e 87,1% respectivamente) no tocante a contratos temporais. Así, o peso deles é maior en contratos temporais e na conversión a indefinidos, mentres que elas acadan unha porcentaxe de 55,6% no caso de contratos indefinidos (gráfica 102).




Gráfico 106. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo tipo de contrato e sector de actividade económica. Centro de Traballo en Tui. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.




Gráfico 107. Porcentaxe de contratos rexistrados segundo tipo de contrato e sexo. Centro de Traballo en Tui. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.




Gráfico 108. Percentaxe de contratos rexistrados segundo xénero e tipo de contrato. Centro de Traballo en Tui. Elaboración propia a partir da Consellería de Traballo e Benestar. IGE, 2009.

No concello de Tui, o escenario é similar para os sectores primario, industria e servizos. Pola contra, muda na construción, xa que só o 51,8% dos contratos son temporais, mentres que os indefinidos acadan o 29,2% e a conversión a indefinidos acada o 19%.

O feito de que sexa no sector da construción (moi masculinizado) onde haxa unha menor percentaxe de contratos temporais fai que ao examinar esta cuestión por sexos, sexan as mulleres as máis afectadas por unha situación de temporalidade laboral (84,4% fronte ao 64,6%)




Gráfico 109. Número de colocacións ao longo do ano 2010. Provincia de Ourense. Elaboración propia a partir do Servizo Público de Emprego Estatal. IGE, 2010.




Gráfico 110. Número de colocacións ao longo do ano 2010. Provincia de Pontevedra. Elaboración propia a partir do Servizo Público de Emprego Estatal. IGE, 2010.




Gráfico 111. Número de colocacións efectuadas ao longo do ano 2010. Municipio de Vila Verde. Elaboración propia a partir de Instituto do Emprego e Formación Profesional. INEpt, 2010.

En relación coa evolución das colocacións ao longo do ano 2010 debemos salientar que tanto na provincia de Ourense como na de Pontevedra hai un mes especialmente favorable en canto a persoas colocadas (xullo e setembro respectivamente).

En Vila Verde o trazado é diferente, xa que se aprecian altos e baixos ao longo de todo o ano. Así, os mellores meses son marzo e novembro e o peor, agosto, onde se produce un acusado descenso. A liña para mulleres e homes (por separado) é similar á xa comentada relativa á situación xeral.

DESCRICIÓN	Total
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR/A, EN XERAL	66
DEPENDENTE/A DE COMERCIO, EN XERAL	42
XARDINEIRO/A, EN XERAL	28
ASISTENTE/A DOMICILIARIO/A	24
PEÓN AGRÍCOLA, XARDINERÍA	24
PEÓN FORESTAL	22
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	20
TRABALLADOR/A DE RETÉN DE INCENDIOS FORESTAIS	16
COCIÑEIRO/A, EN XERAL	15
EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A, EN XERAL	14
Total das dez ocupacións máis demandadas	271
Total das ocupacións demandadas	494

Táboa 11. Ocupacións máis demandadas polas mulleres. Concello de Monterrei.
Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	Total
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR/A, EN XERAL	135
DEPENDENTE/A DE COMERCIO, EN XERAL	124
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	84
ASISTENTE/A DOMICILIARIO/A	66
EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A, EN XERAL	53
COIDADOR/A DE NENOS/AS	41
CAMAREIRO/A, EN XERAL	37
PINCHE DE COCIÑA	35
CAIXEIRO/A DE COMERCIO	33
REPOÑEDOR/A DE HIPERMERCADO	33
Total das dez ocupacións máis demandadas	641
Total das ocupacións demandadas	1.154

Táboa 12. Ocupacións máis demandadas polas mulleres. Concello da Cañiza.
Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	Total
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR/A, EN XERAL	396
DEPENDENTE/A DE COMERCIO, EN XERAL	379
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	187
EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A, EN XERAL	182
REPOÑEDOR/A DE HIPERMERCADO	144
OPERADOR/A DE CADEAS AUTOMATIZADAS DE MONTAXE, EN XERAL	138
CAIXEIRO/A DE COMERCIO	135
ASISTENTE/A DOMICILIARIO/A	107
COIDADOR/A DE NENOS/AS	86
CAMAREIRO/A, EN XERAL	76
Total das dez ocupacións máis demandadas	1.830
Total das ocupacións demandadas	3.837

Táboa 13. Ocupacións máis demandadas polas mulleres. Concello de Tui.
Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	TOTAL
COCIÑEIRO/A EN XERAL	2
ASISTENTE/A DOMICILIARIO/A	2
TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE	1
TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO/A, EN XERAL	1
EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A, EN XERAL	1
ENCARGADO/A OU CAPATAZ FORESTAL	1
ALBANEL	1
PEÓN AGRÍCOLA, XARDINERÍA	1
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	1
Total das dez ocupacións máis ofertadas	11
Total das ocupacións ofertadas	11

Táboa 14. Ocupacións máis ofertadas sen requirimento. Concello de Monterrei. Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	TOTAL
PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP	2
EMPREGADO/A ADMVO./A, EN XERAL	2
TÉCNICO/A DE PROTECCIÓN CIVIL	2
ALBANEL	2
CONDUTOR/A DE CAMIÓN, EN XERAL	2
PEÓN AGRÍCOLA, XARDINERÍA	2
QUÍMICO/A	1
ENXEÑEIRO/A EN QUÍMICA	1
TÉCNICO/A EN EDUCACIÓN INFANTIL	1
AXENTE COMERCIAL	1
Total das dez ocupacións máis ofertadas	16
Total das ocupacións ofertadas	30

Táboa 17. Ocupacións máis ofertadas sen requirimento. Concello da Cañiza. Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	TOTAL
CAMAREIRO/A, EN XERAL	2
Total das dez ocupacións máis ofertadas	2
Total das ocupacións ofertadas	2

Táboa 15. Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino. Concello de Monterrei. Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	TOTAL
EMPREGADO/A ADMVO./A, EN XERAL	1
RECEPCIONISTA-TELEFONISTA, EN XERAL	1
CAMAREIRO/A, EN XERAL	1
EMPREGADO/A DO FOGAR	1
Total das dez ocupacións máis ofertadas	4
Total das ocupacións ofertadas	4

Táboa 16. Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino. Concello da Cañiza. Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	TOTAL
FORMADOR/A DE F. NON REGRADA	3
FORMADOR/A DE F.O NON REGRADA	3
COCIÑEIRO/A, EN XERAL	3
AUXILIAR DE ENFERMARÍA EN XERIATRÍA	3
INSTALADOR/A ELECTRICISTA, EN XERAL	3
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	3
TÉCNICO/A EN EMPRESAS E ACT. TURÍSTICAS	2
MONITOR/A SOCIOCULTURAL	2
MONITOR/A E/OU ANIMADOR/A DEPORTIVO/A	2
ENTREVISTADOR/A-ENQUISADOR/A	2
Total das dez ocupacións máis ofertadas	26
Total das ocupacións ofertadas	88

Táboa 18. Ocupacións máis ofertadas sen requirimento. Concello de Tui. Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	TOTAL
RECEPCIONISTA	1
AXUDA DE CÁMARA E/OU DONCELA	1
DEPENDENTE/A DE COMERCIO, EN XERAL	1
Total das dez ocupacións máis ofertadas	3
Total das ocupacións ofertadas	3

Táboa 19. Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino. Concello de Tui. Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRICIÓN	TOTAL
Patronistas e cortadores/as de tea, coiro e pel	23
Peóns agrícolas	13
Asistentes/as domiciliarios/as	8
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiros/as de piso) e outros establecementos similares	8
Camareiros/as, barmans e asimilados	X
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	X
Outros/as empregados/as no coidado de persoas e asimilados	X
Panadeiros/as, pasteiros/as e confeitores/as	X
Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares	X
Compositores/as, músicos/as e cantantes	X
Total das dez ocupacións máis contratadas	X
Total das ocupacións contratadas	86

Táboa 20. Ocupacións máis contratadas no ámbito feminino. Concello de Monterrei. Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

DESCRIPCIÓN	TOTAL
Dependientes/as e exhibidores/as en tendas, almacéns, quioscos e mercados	33
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiros/as de piso) e outros establecementos similares	29
Camareiros/as, barmans e asimilados	25
Taquígrafos/as e mecanógrafos/as	13
Cociñeiros/as e outros preparadores/as de comidas	9
Peóns do transporte e descargadores	8
Empregados/as de servizos de correos (excepto empregados/as de portelo)	7
Auxiliares administrativos/as con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente	6
Peóns agrícolas	6
Secretarios/as administrativos/as e asimilados	5
Total das dez ocupacións máis contratadas	141
Total das ocupacións contratadas	190

Táboa 21. Ocupacións máis contratadas no ámbito feminino. Concello da Cañiza.
Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.


DESCRIPCIÓN	TOTAL
Dependientes/as e exhibidores/as en tendas, almacéns, quioscos e mercados	337
Camareiros/as, barmans e asimilados	206
Peóns de industrias manufactureiras	119
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiros/as de piso) e outros establecementos similares	115
Cociñeiros/as e outros preparadores/as de comidas	64
Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas	47
Caixeiros/as, vendedores/as de billetes (excepto bancos e correos)	43
Perruqueiros/as, especialistas en tratamento de beleza e traballadores/as asimilados	34
Auxiliares administrativos/as con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente	30
Peóns agrícolas	30
Total das dez ocupacións máis contratadas	1.025
Total das ocupacións contratadas	1.436

Táboa 22. Ocupacións máis contratadas no ámbito feminino. Concello de Tui.
Informe sobre o mercado laboral 2010. Consellería de Traballo e Benestar.

O último aspecto que se debe tratar no tocante ao mercado laboral son as ocupacións. O primeiro que cabe dicir, ao abeiro das táboas anteriores, é que os estereotipos de xénero están moi presentes no mercado laboral, xa que se seguen publicando ofertas con requirimento de sexo feminino ou masculino (ver

documentación complementaria I), é dicir, persiste a idea de que polo feito de ser home ou ser muller, se vai estar máis cualificado/a para a realización dun traballo ou outro. Así, elas son solicitadas para aquelas labores que teñen que ver co coidado e coa atención aos demais (empregada do fogar, recepcionista); pola contra, eles sono para tarefas relacionadas especialmente co sector da construción. Esta situación non só perpetúa a segregación horizontal do mercado laboral senón que fomenta unha retroalimentación continua que inflúe na percepción dunhas e outros á hora de inscribirse como demandante de emprego e solicitar ocupacións.

O segundo punto destacable está en relación coas altas porcentaxes de persoas con estudos superiores que están en situación de desemprego, visto con anterioridade. Se se observan as ocupacións máis contratadas, tanto no ámbito feminino (táboas 20, 21 e 22) como no ámbito masculino (ver anexos), vese que estas non requiren formación superior; de aí a baixa inserción de persoas con estudos universitarios nun contexto onde existe unha maior demanda de persoal cun perfil académico inferior.

 Tal como se comentou ao analizar as variables de poboación, a observación do mercado laboral corrobora a existencia de dous contextos diferenciados: a zona interior e a zona costeira, con matices diferentes dentro de cada un deles, expostos ao longo desta epígrafe.

Outro punto significativo é a persistencia dos roles tradicionais de xénero. Son as mulleres as que se ocupan do labor doméstico. Esta situación é especialmente acusada nos concellos onde predomina a poboación máis envellecida e ademais este feito incide directamente na taxa de actividade.

Tamén cabe sinalar que, en xeral, son as mulleres e as persoas con máis estudos aquelas con maiores dificultades para inserirse no ámbito laboral xa que este, no territorio que nos ocupa, demanda perfís con baixa ou pouca cualificación. Relacionado con isto, hai que salientar o feito de que cando ten cabida persoal técnico e cualificado, as mulleres e os homes teñen porcentaxes de inserción similar (caso de Tui).

Con todo, a segregación horizontal e vertical é palpable: no sector da construción, masculinizado, e no sector educativo, feminizado, as mulleres son maioría nos postos máis baixos (persoal non cualificado) e minoría cando se fala de dirección de empresas e administración. Unha consecuencia derivada das dificultades das mulleres para acceder, manterse e ascender no traballo é que elas optan nunha porcentaxe máis elevada polo emprego autónomo.

2.3. TECIDO ECONÓMICO MUNICIPAL

Nesta epígrafe recóllese información sobre as empresas: condición xurídica, actividade e estrato de persoal asalariado.

2.3.1. Empresas por condición xurídica




Gráfico 112. Porcentaxe de empresas con sede social en Galicia segundo condición xurídica. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.

Se atendemos á condición xurídica das empresas, obsérvase que nos tres concellos de Galicia obxecto de análise neste estudo, a porcentaxe máis alta correspóndelle á categoría persoas físicas (66,3% en Monterrei, 60,6% na Cañiza e 51,3% en Tui) seguido de sociedade de responsabilidade limitada (29,2%, 27,9% e 40,5% respectivamente). A porcentaxe de sociedades anónimas e sociedades cooperativas é mínimo e non superan en ningún caso o 2,5%.




Gráfico 113. Porcentaxe de empresas con sede social en Galicia segundo condición xurídica e actividade. Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.




Gráfico 114. Porcentaxe de empresas con sede social en Galicia segundo actividade e condición xurídica. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.




Gráfico 115. Porcentaxe de empresas con sede social en Galicia segundo actividade e condición xurídica. Concello de Tui. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.

Ao analizar a condición xurídica en relación á actividade e por concello destacan os seguintes trazos:

No concello de Monterrei, na industria hai unha maior diversidade no tocante á condición xurídica, xa que o 47,4% son sociedades de responsabilidade limitada, o 31,6% persoas físicas, o 10,5% sociedades cooperativas, ao igual que a categoría outros. No sector construción e servizos só existen persoas físicas (61,5% e 84,1% respectivamente) e sociedades de responsabilidade limitada (38,5% e 15,9%).

No concello da Cañiza, ao contrario do que acontecía en Monterrei, hai maior homoxeneidade en relación cos aspectos que se están a comentar. Así, na industria, as porcentaxes son as seguintes: 48,9% sociedade de responsabilidade limitada, 31,9% persoas físicas, 10,6% sociedades anónimas e 4,3% sociedades cooperativas e outros. Na construción, o 52,1% correspóndelle a persoas físicas, o 43,7% a sociedades de responsabilidade limitada e o 4,2% a outros. No sector servizos predominan as persoas físicas (68,8%) seguido de sociedades de responsabilidade limitada (19%), outros (11%) e sociedades anónimas (1,3%).

No concello de Tui rómpese o esquema xeral nos sectores da construción e a industria, ao ser a condición xurídica máis abundante a sociedade de responsabilidade limitada (60,1% e 51,5% respectivamente) seguida de persoas físicas (30,3% e 36,8%). Así mesmo, na industria existe un 5,9% de sociedades anónimas. No sector servizos, o 60,9% son persoas físicas, o 31,9% sociedades de responsabilidade limitada, o 6,6% outros e o 0,6% sociedades anónimas.

2.3.2. Empresas segundo actividade




Gráfico 116. Porcentaxe de empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.

En relación coa actividade principal, o sector onde se concentra maior número de empresas é o de servizos: 49,4% en Monterrei e 66,8% na Cañiza e Tui. O seguinte sector é a construción (29,2%, 20% e 24,1% respectivamente) e, por último, estaría a industria cun peso, aínda que menor, tamén importante, sobre todo en Monterrei cun 21,3%.




Gráfico 117. Porcentaxe de empresas con actividade en Galicia segundo actividade¹². Concello de Monterrei. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.




Gráfico 118. Porcentaxe de empresas con actividade en Galicia segundo actividade. Concello da Cañiza. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.

¹² A: industrias extractivas; B: industria manufacturera; C: fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado; D: fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos; E: construción; F: comercio por xunto e retallista; reparación de vehículos de motor e motocicletas; G: transporte e almacenamento; H: hostalaría; I: información e comunicación; J: actividades financeiras e de seguros; K: actividades inmobiliarias; L: actividades profesionais, científicas e técnicas; M: actividades administrativas e servizos auxiliares; N: educación; P: actividades sanitarias e de servizos sociais; Q: actividades artísticas, recreativas e de entretemento; R: outros servizos.




Gráfico 119. Porcentaxe de empresas con actividade en Galicia segundo actividade. Concello de Tui
Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.

No tocante á actividade fragmentada en subactividades (ver nota ao pé 9) cómpre aclarar que os sectores servizos e industria están divididos en múltiples ocupacións, mentres que a construción é un único ítem.

Deste xeito, no concello de Monterrei, en industria só hai un tipo: manufactureira; no sector servizos destaca o comercio (43,2%) e a hostalería (27,3%).

No concello da Cañiza, pola súa parte, hai industria manufactureira (95,7%) e extractiva (4,3%). Así mesmo, tal e como acontece en Monterrei, entre os servizos, abunda o comercio (46,4%) e a hostalería (27,3%).

No concello de Tui hai unha maior diversificación de actividades tanto na industria como en servizos. Así, no sector industria, aínda que sexa a manufactureira a que ten un maior peso (85,3%), tamén se atopan industrias extractoras (11%), relacionadas coa enerxía (2,2%) e coa auga (1,5%). No sector servizos a actividade que máis abunda é o comercio (47,3%) seguido da hostalería (14,4%), actividades profesionais (9,4%) e transporte e almacenamento (8,4%).




Gráfico 120. Porcentaxe de empresas por actividade económica¹³. Subrexión de Cávado. Elaboración propia a partir de INEpt, Sistema de contas integradas das empresas: 2008.

Na subrexión de Cávado, a cuarta parte das empresas están dedicadas ao comercio por xunto ou retalista, sendo a actividade con maior peso no seu tecido empresarial. Tamén destacan as industrias transformadoras (13,1%), a construción (11,9%), outras actividades de servizos (11,2%) e, en menor medida, actividades de consultoría e aloxamento e restauración, cunhas porcentaxes de 9,3% e 7,1% respectivamente.

¹³ A: pesca e acuicultura; B: industrias extractivas; C: industrias transformadoras; D: electricidade, gas, vapor, auga quente e fría e ar frío; E: captación, tratamento e distribución de auga –saneamento, xestión de residuos-; F: construción; G: comercio por xunto e retalista, reparación de coches e motos; H: transporte e almacén; I: aloxamento, restauración e similares; J: actividades de información e de comunicación; K: actividades inmobiliarias; L: actividades de consultoría, científicas, técnicas e similares; M: actividades administrativas e dos servizos de apoio; N: educación; O: actividades de saúde humana e apoio social; P: actividades artísticas, de espectáculos, deportivas e recreativas; Q: outras actividades de servizos.

2.3.3. Empresas segundo o estrato de persoal asalariado




Gráfico 121. Porcentaxe de empresas con actividade en Galicia segundo estrato de asalariados/as. Elaboración propia a partir de IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais: 2009.





Gráfico 122. Porcentaxe de empresas segundo número de persoal asalariado. Municipio de Vila Verde. Elaboración propia a partir de INEpt, Sistema de contas integradas ás empresas: 2007.

Ao abeiro da gráfica relativa á porcentaxe de empresas segundo estrato de asalariados/as, é máis que evidente o peso das persoas autónomas (66,3%, 60,3% e 57,1% respectivamente en Monterrei, A Cañiza e Tui) e das pequenas empresas, xa que arredor da cuarta parte destas teñen de 1 a 2 asalariados/os e só unha pequena parte teñen de 20 a 49 asalariados/as (1,1%, 2,8% e 2% respectivamente), sendo as empresas cun maior número de empregadas/os casos anecdóticos.

No Municipio de Vila Verde a situación é similar aos concellos galegos, xa que case a totalidade das empresas (94,8%) teñen menos de 10 asalariados/as. Pola contra, só o 0,3% teñen de 50 a 249 asalariadas/os.

 O tecido empresarial do territorio obxecto de estudo está composto case na súa totalidade por pequenas empresas, ademais hai unha porcentaxe mínima de tamaño medio e non existen grandes empresas; de aí que a forma xurídica máis abundante sexa a de persoa autónoma, seguida de sociedade limitada.

A maioría destas empresas pertencen ao sector servizos, e destacan o comercio e a hostalería. En relación co tipo de actividade económica concreta á que se dedican, debemos sinalar un novo elemento que pon de manifesto diferenzas entre os territorios interiores e da costa: tanto en Tui como en Cávado hai unha pequena porcentaxe (arredor do 10%) de actividades de consultaría, científicas e ou técnicas, algo que non acontece nin en Monterrei nin na Cañiza.

2.4. EDUCACIÓN

Nesta epígrafe faise referencia a dous aspectos: a comunidade educativa e o nivel educativo da poboación.

2.4.1. Comunidade educativa

	Curso 2009-10		
	Monterrei	A Cañiza	Tui
Infantil	1	7	37
Primaria	2	16	62
Mixtas infantil/primaria	5	0	0
ESO	0	13	39
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	0	3	4
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	0	0	1
Bacharelato ordinario	0	4	12
Programas de cualificación profesional inicial	0	2	1
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos/as	0	0	4
Ciclos formativos de adultos/as	0	0	0
Bacharelato de adultos/as	0	0	0
Educación especial	0	0	0
Total	8	45	160

Táboa 23. Unidades en funcionamento en centros docentes en réxime xeral segundo ensinanza. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGE: 2010.

	Curso 2009- 2010		
	Monterrei	A Cañiza	Tui
Educación infantil	0	0	1
Educación infantil e primaria	2	1	7
Educación primaria e ESO	0	1	2
ESO e / ou postobrigatorias	0	1	3
Educación primaria, ESO e postobrigatorias	0	0	0
Adultos	0	0	0
Educación especial	0	0	0
Total	2	3	13

Táboa 24. Centros en réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten (non universitario). Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGE: 2010.

	Curso 2008- 2009
	Vila Verde
Xardín infancia	33
Educación básica 1	16
Educación básica 1/xardín infancia	23
Educación básica 2, 3	3
Educación básica	2
Educación secundaria/educación básica 3	1
Educación profesional	1
Total	79

Táboa 25. Establecementos de educación e ensino por natureza e tipoloxía. GEPE, Ministerio de Educación: 2010.

A oferta educativa dos concellos que se están a estudar cobre fundamentalmente a ensinanza obrigatoria. Tanto o número de unidades como de centros está en función da poboación, sobre todo da poboación infantil e xuvenil. Así, é no concello de Tui e no Municipio de Vila Verde onde esta oferta é substancialmente maior, tanto en número como en variedade.

	Curso 2009- 2010								
	Monterrei			A Cañiza			Tui		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
C. públicos	11	3	14	64	31	95	188	80	268
C. privados	0	0	0	0	0	0	27	21	48
Total	11	3	14	64	31	95	215	101	316

Táboa 26. Profesorado en centros de réxime xeral segundo o sexo e a titularidade do centro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGE: 2010.

	Curso 2008-2009			
	Cávado	Rexión Norte		
	Total	Mulleres	Homes	Total
C. Públicos	6386	41787	12994	54781
C. Privados	870	5548	1874	7422
Total	7256	47335	14868	62203

Táboa 27. Persoal docente en exercicio por natureza do establecemento. GEPE, Ministerio de Educación: 2010.

Se se observan os datos relativos ao profesorado, o que máis chama a atención é a feminización do colectivo, e é moi minoritario o número de profesores; no caso de colexios privados de Monterrei e A Cañiza non hai ningún docente home.




Gráfico 123. Porcentaxe de alumnado matriculado segundo nivel de ensinanza e sexo. Curso 2009- 2010. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGE: 2010.

No tocante aos datos de alumnado matriculado segundo o nivel de ensinanza e sexo, cómpre sinalar que no concello de Monterrei o 68,8% cursa educación infantil e o 31,2% educación primaria. Debemos ter en conta que neste concello, dado o baixo número de alumnado matriculado en educación infantil e primaria (77 rapaces e rapazas), os datos relativos poden resultar equívocos. Pola mesma razón, neste concello non se imparten ensinanzas de niveis superiores, o alumnado que remata primaria é derivado a centros de ensino en concellos limítrofes. Na Cañiza e Tui, onde a oferta educativa é máis variada, o groso do colectivo concéntrase en primaria e en secundaria, con pesos distintos nun e noutro concello.

Deste modo na Cañiza, o 35,5% estudan ESO, o 31,7% educación primaria, o 16,4% educación infantil, o 8,7% bacharelato ordinario, o 5,9% ciclos formativos de grao medio e o 1,7% programas de cualificación profesional inicial.

En Tui, pola súa parte, o 37,6% está matriculado en educación primaria, o 27,2% cursan ESO, o 19,6% educación infantil, o 9,3% bacharelato, o 2,8% cursa ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos, o 2,5% ciclos formativos de grao medio e o 0,4% ciclos formativos de grao superior.




Gráfico 124. Porcentaxe de alumnado matriculado segundo sexo e nivel de ensinanza. Concello de Monterrei. Curso 2009-2010. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGE: 2010.




Gráfico 125. Porcentaxe de alumnado matriculado segundo sexo e nivel de ensinanza. Concello da Cañiza. Curso 2009-2010. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGE: 2010.




Gráfico 126. Porcentaxe de alumnado matriculado segundo sexo e nivel de ensinanza. Concello de Tui. Curso 2009-2010. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGE: 2010.

Ao analizar a porcentaxe de alumnado matriculado segundo sexo e por concellos extráese a seguinte información:

- En Monterrei, tanto en educación infantil como en primaria, a proporción de nenas e nenos é de tres a un (64,2% fronte a 35,8% en infantil e 66,7% fronte a 33,3% en primaria). Novamente estas porcentaxes poden dar lugar a equívocos xa que se corresponden con cifras absolutas moi baixas (50 fronte a 27).
- Na Cañiza, a porcentaxe de alumnas e alumnos está equilibrada en todos os niveis, agás en ciclos formativos de grao medio e programas de cualificación profesional inicial; no primeiro caso o 80% son homes e o 20% son mulleres e no segundo a totalidade son homes.
- En Tui, existe unha situación equilibrada en educación infantil, primaria e secundaria. Pola contra, as rapazas teñen maior representación en bacharelato (67% fronte ao 33%) e en ciclos formativos de grao superior (62,5% fronte ao 37,5%), mentres os rapaces téñena en ciclos formativos de grao medio (54,7% fronte ao 45,3%), en programas de cualificación profesional inicial (75% fronte ao 25%) e en ensinanzas básicas iniciais e ESO de adultos (61,4% fronte ao 38,6%).




Gráfico 127. Porcentaxe de alumnado matriculado por nivel de ensinanza. Subrexión de Cávado. Curso 2008-2009. GEPE, Ministerio de Educación: 2010.




Gráfico 128. Porcentaxe de alumnado matriculado por modalidade de ensino. Subrexión de Cávado. Curso 2008-2009. GEPE, Ministerio de Educación: 2010.




Gráfico 129. Porcentaxe de alumnado matriculado segundo sexo e modalidade de ensino. Subrexión de Cávado. Curso 2008-2009. GEPE, Ministerio de Educación: 2010.

No caso de Portugal, os datos da subrexión de Cávado amosan que o 62,7% do alumnado está cursando ensino básico, o 24% ensino secundario e o 13,3% educación preescolar.

2.4.2. Nivel educativo




Gráfico 130. Porcentaxe de poboación de 16 e máis anos segundo nivel de estudos e sexo. Cello de Monterrei. INE, 2001.




Gráfico 131. Porcentaxe de poboación de 16 e máis anos segundo sexo e nivel de estudos. Cello de Monterrei. INE, 2001.

No concello de Monterrei, as porcentaxes entre mulleres e homes son moi similares, excepto na categoría “non saben ler nin escribir” onde se engloba o 11,6% da poboación feminina e só o 6,5% da poboación masculina. A maioría da poboación ten menos de cinco anos de escolarización (42,8% das mulleres e 40,8% dos homes) seguido daquela que non completou o bacharelato, ESO ou BUP (18,8% das mulleres e 22,8% dos homes). Pola contra, só o 0,1% acadou un doutoramento e o 1,4% das mulleres e 1,6% dos homes ten unha licenciatura.

Se se analiza o peso porcentual delas e deles por categoría, obsérvase que o 64,4% das persoas que non saben ler nin escribir son mulleres. Pola contra, son elas o 65,6% das que acadaron unha diplomatura e a metade das que teñen o grao de doutor/a. Estes datos explícanse se atendemos as características da poboación do concello de Monterrei: escaso número de habitantes e alta proporción de poboación envellecida.




Gráfico 132. Porcentaxe de poboación de 16 e máis anos segundo nivel de estudos e sexo. Concello da Cañiza. INE, 2001.




Gráfico 133. Porcentaxe de poboación de 16 e máis anos segundo sexo e nivel de estudos. Concello da Cañiza. INE, 2001.

No concello da Cañiza, o nivel educativo é lixeiramente máis alto xa que a porcentaxe de persoas que non saben ler ou escribir é menor (9,9% das mulleres e

4,6% dos homes); o mesmo acontece no grupo de persoas con menos de cinco anos de escolarización (38,6% e 36,4% respectivamente). No resto das categorías o grupo máis numeroso pertence ao das persoas con bacharelato elemental, ESO ou EXB completo (19,7% e 26,0%), seguido daqueles/as que non acadaron completar os estudos de bacharelato, ESO ou EXB (18,1% e 21,6%). Nunha porcentaxe bastante inferior atopamos aquelas persoas con bacharelato superior (6% e 5,6%); FPII, FP grao superior, mestría industrial (3,2% e 2,0%); diplomatura (2,3% e 1,7%) e licenciatura (0,6% en ambos os dous sexos).

Ao estudar o peso porcentual de mulleres e homes, obsérvase que elas son maioría en todos os niveis educativos excepto nos de bacharelato elemental, ESO ou EXB tanto sen completar como completo, onde supoñen o 48,7% e 46,3% respectivamente, e na escala máis alta, xa que hai o mesmo número de doutoradas que doutorados.




Gráfico 134. Porcentaxe de poboación de 16 e máis anos segundo nivel de estudos e sexo. Canello de Tui. INE, 2001.




Gráfico 135. Porcentaxe de poboación de 16 e máis anos segundo sexo e nivel de estudos. Concello de Tui. INE, 2001.

No concello de Tui, a situación muda considerablemente. Así, o primeiro que chama a atención, en comparación cos outros dous concellos, é a baixa porcentaxe de persoas que non saben ler ou escribir (2,0 % mulleres e 1,0% homes). O groso da poboación ten estudos medios. A proporción de homes que de mulleres é lixeiramente superior: sen completar bacharelato e ESO ou EXB (31,4% e 33,5%), bacharelato elemental, ESO ou EXB completo (23,9% e 29,2%) e bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU (9,8% e 11,2%). En cambio nos estudos superiores, agás en licenciatura, elas teñen porcentaxes máis altas, aínda que a diferenza é mínima.

Cando se compara o peso dunhas e doutros por categoría advírtese un equilibrio en todas agás nas diplomaturas, onde a proporción de mulleres é de 3 a 1. Así mesmo, son elas as que presentan cifras máis elevadas de analfabetismo (67,8%) e poucos estudos (61,3%).




Gráfico 136. Porcentaxe de poboación residente segundo cualificación académica e sexo. Municipio de Vila Verde. INEpt, 2001.





Gráfico 137. Porcentaxe de poboación residente segundo sexo e cualificación académica. Municipio de Vila Verde. INEpt, 2001.

No municipio de Vila Verde, a maioría da poboación ten ensino básico (27,7% mulleres e 34,6% homes –1.ºciclo–; 17,5% e 20,7% –2.ºciclo–; 8,9% e 9,7% –3.ºciclo–). Do mesmo xeito, debemos destacar a porcentaxe de persoas que non sabe ler nin escribir, a máis alta entre os catro concellos, especialmente no colectivo feminino (21,7% fronte ao 15,15). Pola contra, o peso de cidadanía con estudos medios e/ou superiores é baixo (non chega ao 10% do total).

Con respecto ao peso do sexo por categoría, cómpre salientar que as mulleres son o 60,6% das persoas que non saben ler nin escribir, o 65% no ensino medio, o 74,2% no bacharelato, o 61,3% en licenciatura. Pola contra, os homes son

o 69,2% das persoas que desenvolveron estudos de doutoramento. No resto de categorías existe equilibrio (40%-60%).

 Para entender as diferenzas en materia educativa entre uns e outros concellos cómpre relacionar estes datos cos datos de poboación. Deste xeito é lóxico que o número de unidades e centros educativos responda á demanda existente.

Á marxe disto, cómpre salientar dúas cuestións, unha relativa á comunidade educativa e outra ao nivel educativo.

Con respecto á primeira, destaca a feminización da educación. Son elas as que maioritariamente exercen esta profesión ao estar relacionada co coidado, tarefa tradicional e patriarcalmente adxudicada á muller.

No tocante á segunda, son as mulleres as que teñen maiores índices de analfabetismo e baixos estudos e estes índices son máis elevados nos concellos envellecidos. Isto é un claro indicativo das dificultades que historicamente tiveron as mulleres para acceder ao ensino. Cando se universaliza a educación, as proporcións duns e doutras son similares.

ÁMBITO MUNICIPAL. ANÁLISE CUALITATIVA

Perfilada a estrutura socioeconómica do territorio de estudo, cómpre facer unha análise, máis polo miúdo, en relación con aspectos tales como a composición das corporacións locais, a dispoñibilidade de servizos e os programas de fomento da conciliación, emprego e orientación laboral, así como as actuacións en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Do mesmo xeito, é importante ter en conta o tecido asociativo en xeral, e en particular ás asociacións de mulleres, que proporcionan unha importante información sobre o nivel de participación da poboación feminina na procura de servizos de carácter sociocultural nun territorio.

1. CORPORACIÓNS MUNICIPAIS¹⁴




Gráfico 138. Porcentaxe de homes e mulleres nas corporacións municipais.
Elaboración propia a partir de información recompilada a través dos concellos e páxinas web de Tui e Vila Verde.

¹⁴ Composición das corporacións municipais en marzo de 2011.

Con respecto á alcaldía ou presidencia dos catro concellos, obsérvase que esta é asumida por homes. De igual modo no relativo á representación política, esta é exercida maioritariamente por varóns. O reparto de concellerías entre homes e mulleres queda do seguinte xeito: 91% fronte ao 9% en Monterrei; 61,5% fronte a 38,5% na Cañiza; 76,5% fronte a 23,5% en Tui e 66,1% fronte ao 33,9% en Vila Verde. En Galicia estes datos son posibles a pesar das disposicións que establece a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para a confección de listas electorais. Esta norma impón que en cada tramo de cinco candidatos/as, todas as listas deben incluír un mínimo do corenta por cento de mulleres ou de homes. Ao non regularse nesta norma máis que un reparto de tres e dous, a porcentaxe do 40% non se ve reflectida necesariamente na distribución dos cargos electos. Por exemplo, se dunha lista saen elixidos 3 edís de tres partidos diferentes, podería darse o caso dun pleno composto por nove homes sen que exista incumprimento da lei.

	N.º concelleiras/ <i>vereadoras</i>	N.º concelleiros/ <i>vereadores</i>	N.º concellerías/ <i>pelouros</i>
A Cañiza	4	3	7
Tui	2	5	7
Vila Verde	1	2	3

Táboa 28: distribución de concellerías/*pelouros* segundo sexo. Elaboración propia a partir de información recompilada a través dos concellos e páxina web de Tui.

No tocante á titularidade dos departamentos/concellerías delegadas/*pelouros* sinalar que no caso de Monterrei, nesta lexislatura, non se estableceron este tipo de delegacións. Nos demais municipios o reparto é desigual: na Cañiza e Vila Verde homes e mulleres están presentes, case por igual, ao fronte dalgún departamento, mentres que en Tui a balanza inclínase claramente a favor dos homes.

Así mesmo, resulta máis que significativo que a titularidade das concellerías delegadas/*pelouros* vinculadas a servizos e accións sociais sexa exclusivamente feminina. Este sería un novo exemplo no cal se pon de manifesto que todo o relativo ao coidado é papel das mulleres. A isto hai que engadir que é servizos sociais un dos departamentos que menos beneficios económicos reporta e de onde primeiro se recorta cando hai falta de fondos. Así pois, muller segue sendo sinónimo de “coidado” e de “secundario”.

2. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Tal como se afirmou anteriormente, o obxecto deste estudo é coñecer a situación das mulleres no territorio de cara a implantación de centros de dinamización integral para as mulleres; de aí que sexa importante indagar sobre actuacións e medidas que se están a levar a cabo no ámbito da igualdade de oportunidades.

Segundo a información, relativa ao ano 2010, facilitada polos propios municipios cabe sinalar o seguinte.

En Monterrei e na Cañiza non se implantaron intervencións concretas e específicas neste eido. Non obstante, A Cañiza é o único dos catro concellos que ten en vixencia un Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Con respecto á relación de concellerías e *pelouros* delegados (ver anexos) en cada municipio, só en Tui se constata a existencia dunha concellería que inclúe na súa denominación a referencia á muller: Concellaría de Educación, Cultura e Muller, aínda que non se ten constancia de que conte con persoal técnico formado en igualdade de oportunidades.

Semella, pois, que as cuestións relacionadas con este ámbito se executan ao abeiro de subvencións pero sen unha clara planificación de obxectivos e medidas e sen que se visualice a necesidade de pór en marcha políticas e programas dirixidos a acadar unha sociedade máis xusta e equilibrada, onde mulleres e homes gocen dos mesmos dereitos e posibilidades reais de autonomía persoal, educativa, social, sanitaria, profesional...

Con todo, no concello de Tui e no municipio de Vila Verde executáronse unha serie de actuacións neste eido ao longo do 2010. Neste último tamén se prevén actuacións para este ano.

TUI

- Obradoiros coeducativos: participaron de forma rotativa alumnos e alumnas de todos os centros escolares de Tui.
- Actividades conmemorativas do día da muller: programa Tui/Valença cidades da muller. Desenvolvido en Tui e Valença: exposición, concerto e reparto de flores.
- Actividades conmemorativas do 25 de novembro (concursos fotográficos e presentación de fotografías).

VILA VERDE

- “Igualdade nas diferenças/violência doméstica”. Sesión de sensibilización aberta á poboación xeral: participan seis homes e 50 mulleres.
- “Violência doméstica”: Taller de sensibilización aberta á poboación xeral. Participan catro homes e 24 mulleres en dous obradoiros celebrados en diferentes localidades.
- Celebración do Día internacional da muller –“Mulheres activas-testemunhos reais”. Conferencia. Aberta á poboación xeral: participan 28 mulleres.
- “Igualdade nas diferenças”. Sesión de sensibilización aberta á poboación xeral: participan un home e 18 mulleres.
- “Igualdade nas diferenças/violência doméstica”. Obradoiro de sensibilización. Participan oito homes e 36 mulleres de educación secundaria (12.º ano).
- “Conciliação da vida profissional com a vida familiar”. Sesión de sensibilización aberta á poboación xeral: participan tres homes e 25 mulleres.
- “Igualdade de género/violência doméstica”. Sesións de sensibilización aberta á poboación xeral: participan 57 homes e 82 mulleres en dúas sesións celebradas en diferentes lugares.
- “Rede de voluntariado contra a violência doméstica”. Sesión de sensibilización aberta á poboación xeral: participan catro homes e 16 mulleres.
- Evocação do Día Internacional para a Eliminação de Todas as Formas de Violência contra as Mulheres. Seminario aberto á poboación xeral: participan 16 homes e 34 mulleres.
- Violência doméstica. Celebración de seis seminarios formativos en tres lugares diferentes. Destinados a persoal técnico de diferentes entidades e concellos.
- Formação de chefes de divisão do município de Vila Verde. Sensibilización en igualdade de xénero para funcionarios municipais con cargo de “chefía”¹⁵ (xefatura).
- Género e cidadanía. Dirixido ao profesorado. Acción de formación Bi-learning para profesorado co obxectivo de introducir nas escolas os

¹⁵ Prevista para o ano 2011

“Guiões de educação sobre género e cidadania” publicados pela Comissão para a Cidadania e a Igualdade de Género¹⁶.

¹⁶ Prevista para o ano 2011

3. SERVIZOS E PROGRAMAS DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN¹⁷

Nesta epígrafe lístanse os recursos dispoñibles, nos catro concellos de estudo, para a conciliación da vida laboral, persoal e familiar; xa que a pesar de que esta debера ser responsabilidade da unidade familiar no seu conxunto, o certo é que son as mulleres as que seguen a asumir e responsabilizarse en maior medida ca os homes das tarefas domésticas, especialmente en todo o que atinxe ao coidado e atención de persoas dependentes.

Débase sinalar que aínda que dentro destes recursos teñen cabida unha ampla variedade de servizos e programas que favorecen a conciliación, aquí só se recollen aqueles directa e especificamente vinculados a ela, como son a oferta de estadias e prazas de atención directa e exclusiva de persoas maiores e/ou dependentes e menores en idades comprendidas entre os 0 e 3 anos.

Servizos de fomento da conciliación (específicos)				
	Monterrei	A Cañiza	Tui	Vila Verde
Residencias da 3.ª idade e dependentes	1	1	2	6
Centros de día	0	0	0	3
Escolas infantís-garderías	0	1	2	* ¹⁸

Táboa 29. Número de servizos específicos para o fomento da conciliación. Elaboración propia a partir de información recopilada a través dos concellos e páxina web de Tui.

Todos os concellos dispoñen de residencias para a terceira idade, sendo todas de titularidade privada agás en Vila Verde (catro públicos e dous privados). Así mesmo, neste último municipio está prevista a apertura de tres residencias, todas elas de carácter público.

No tocante aos centros de día, só hai tres en Vila Verde, municipio co índice de envellecemento máis baixo dos catro pero cun número moi elevado de persoas maiores de 80 anos (ver datos demográficos).

Ademais dos recursos específicos, cómpre salientar outros que de xeito indirecto repercuten na conciliación; tal é o caso do transporte público, centros socioculturais, bibliotecas...

Deste xeito, con respecto á dispoñibilidade de transporte público no municipio, só Vila Verde conta con este servizo (tres empresas).

¹⁷ Na documentación complementaria I preséntase unha relación dos diferentes recursos por tipoloxía e concello.

¹⁸ No caso de Vila Verde non se fai distinción entre escola infantil/gardería e centros de educación infantil, polo que non se reflicten neste cadro.

En canto ao resto de infraestruturas comentadas, debemos resaltar que en todos existen bibliotecas públicas (a maiores das propias dos centros educativos) e centros socioculturais espaxados por todo o municipio. Así mesmo, Tui conta cun pavillón deportivo, un teatro e un conservatorio de música¹⁹.

4. SERVICIOS PRESTADOS POLOS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS

Esta epígrafe aglutina todos aqueles servizos e programas que son prestados e/ou tramitados desde diferentes departamentos municipais e que ou van dirixidos a mulleres ou contribúen á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

4.1. Servizos sociais.

Denominación	Descrición (tipo de recurso)	Beneficiarias/os
Axuda no fogar	Atención domiciliaria (psico-social) a persoas con disfuncións ou discapacidades	59
Lavandería sobre rodas	Servizo de recollida de roupa a domicilio para persoas necesitadas	8
Xantar na casa	Servizo de transporte de comida a domicilio para persoas necesitadas	10
Educación familiar	Servizo de atención social a familias no seu domicilio	9

Táboa 30. Recursos/servizos do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Monterrei.
Elaboración propia a partir de información recompilada a través dos concellos.

¹⁹ Ver documentación complementaria I

Denominación	Descrición (tipo de recurso)
Axuda no fogar	Atención domiciliaria (psico-social) a persoas con disfuncións ou discapacidades
Respiro familiar	Estadías temporais en residencias públicas
Turismo social (termal e intercambio)	
Programa lúdico de balnearios na provincia de Pontevedra	
Programa de vacacións para persoas maiores do IMSERSO	
Cheque asistencial	
Programa de respiro familiar para cuidadores/as de persoas en situación de dependencia	
Xuntos no Nadal	
Termalismo social IMSERSO	
Ven a Galicia, ben en Galicia.	Para galegos/as residentes noutras CCAA e en Europa
Educación familiar	Apoio educativo e psico-social dirixido ás familias.

Táboa 31. Recursos/servizos do Departamento de Servizos Sociais do Concello da Cañiza.
Elaboración propia a partir de información recompilada a través dos concellos.

Denominación	Descrición (tipo de recurso)
Prevención e reinserción de drogo-dependencias	Programas de prevención
Servizo de atención a inmigrantes e emigrantes retornados/as	Atención a inmigrantes e emigrantes retornados/as
Educación familiar	Apoio educativo e psico-social dirixido ás familias.

Táboa 32. Recursos/servizos do departamento de Servizos Sociais do Concello de Tui.
Elaboración propia a partir de información recompilada a través dos concellos.

Denominación	Descrición (tipo de recurso)	Beneficiarias/os
Ginástica sénior	Programa destinado a promover o envellecemento activo de persoas con mais de 65 anos ou xubiladas	100 homes e 300 mulleres xubilados/as
Apoio à auto-construção	Programa destinado a apoiar a auto-construción das familias desfavorecidas.	28 homes e 39 mulleres desempregados ou con recursos escasos.
Apoio à integración escolar e desportiva	Programa destinado a apoiar o transporte escolar, nutrición, natación, fútbol e prolongamento de horario a persoas desfavorecidas dos 4 aos 16 anos.	21 homes e 21 mulleres fillos/as de familias desfavorecidas
Colónia de Férias	Realización dunha colonia con persoas desfavorecidas entre os 6 e os 12 anos.	7 homes e 13 mulleres fillos/as de familias desfavorecidas
Reconstruindo vidas – formação para a inclusão	Promoción do desenvolvemento de competencias persoais e sociais de familias con problemas persoais e sociais e pertencentes a grupos excluídos e/ou socialmente desfavorecidos.	20 mulleres en seguimento da Comissão de Protecção de Crianças e Jovens
Cabeça mãos e pés	Programa destinado a apoiar a través da práctica da natación nenos/os portadores de deficiencia motora ou con multideficiencia.	

Táboa 33. Recursos/servizos do Departamento de Servizos Sociais do Municipio de Vila Verde.
Elaboración propia a partir de información recompilada a través dos concellos.

Ao abeiro dos servizos prestados polos servizos sociais de cada municipio, estes pretenden dar resposta ás distintas necesidades que teñen colectivos diferentes. Así, por exemplo, en Monterrei e A Cañiza estes céntranse na terceira idade. Pola contra, en Tui préstalle especial atención ás drogodependencias e emigrantes, mentres que en Vila Verde desenvolven varias actuacións dirixidas aos cativos e cativas.

4.2. Orientación laboral, emprego e desenvolvemento local

Os concellos da Cañiza, Tui e Vila Verde contan cun departamento específico de emprego e desenvolvemento local, cuxo horario é de luns a venres polas mañás. Este leva a cabo intervencións no eido do emprego e a orientación laboral. Pola contra, Monterrei ten un técnico de desenvolvemento local, o cal, no ano 2010, non realizou ningunha actuación no ámbito sinalado.

No Concello da Cañiza, no 2010, solicitaron os servizos deste departamento arredor de 40 homes e 60 mulleres. O perfil tipo dos e das usuarias é de persoa en situación de desemprego con estudos mínimos e que demanda basicamente orientación laboral e información sobre subvencións.

Neste sentido, o axente de emprego fai labores de asesoramento e orientación laboral personalizada, e dálles resposta ás solicitudes de cada usuaria/o, independentemente da súa situación laboral e nivel de estudos.

No Concello de Vila Verde, o número de solicitudes deste servizo foi alto (2775), das cales a inmensa maioría eran mulleres (2081 fronte a 694 homes). Os perfís máis habituais, tanto dos como das demandantes, son: persoa nova que busca o seu primeiro emprego ou desempregadas en busca de emprego con experiencia previa. Por idades, si hai diferenzas entre sexos, xa que elas adoitan ter máis de 35 anos e eles ser maiores de 40.

Así mesmo, constátanse diferenzas en relación coas demandas. Así, as das mulleres insírense no ámbito da educación, a administración, a industria e os servizos. Pola contra, os homes buscan emprego como motoristas, administrativos, na construción civil ou na industria.

Desde este servizo levouse a cabo un curso de técnicas de busca de emprego no que participaron 45 persoas desempregadas (11 homes e 34 mulleres repartidos en grupos de 15) con idades comprendidas entre os 35 e os 45 anos.

Con respecto ás accións de fomento do emprego postas en marcha nos diferentes concellos destacan as seguintes.

Na Cañiza celebráronse dous cursos de formación para persoas desempregadas (AFD): Atención Especializada para Enfermos de Alzheimer (300h) e Animador Xerontolóxico (250). Ambos os dous leváronse a cabo en horario de mañá e participaron 15 mulleres desempregadas por curso. Tamén se desenvolveron tres cursos de Manipulación de Alimentos cun total de cen participantes, un curso de Condución Eficiente (16 persoas) , un curso de Contidos e Nóminas (20 mozos/as) e un de Prevención de Riscos Laborais (21 mozas/os)

Pola súa parte, o concello de Tui, a través do servizo de fomento do emprego, contratou un total de dez homes e once mulleres adscritos/as ao programa de cooperación, regulado ao abeiro da Orde de 19 de febreiro de 2010

pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria. Estes programas de cooperación tratan de darlles un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participen neles.

En Tui tamén se organizou un obradoiro de emprego do que se beneficiaron un total de 32 persoas. Por último, tres mulleres e dous homes foron contratados durante seis meses ao abeiro do Plan de emprego provincial 2010 da Deputación de Pontevedra.

5. ASOCIACIONISMO

A existencia dun tecido asociativo forte nun determinado territorio é fundamental por varias razóns: constitúe unha canle de participación cidadá para numerosas persoas, fomenta o debate e a transmisión de valores básicos para a vida en sociedade, crea opinión, defende os intereses comúns do colectivo asociado, impulsa iniciativas de diversa índole... Todo isto repercute no nivel cultural e de vida dos seus membros e de toda a poboación.

Tipo de asociación	Monterrei	A Cañiza	Tui	Vila Verde
De mulleres	3	2	1	0
Veciñais	2	0	0	0
Culturais, deportivas e recreativas	0	15	1	91
Sociais	0	0	1	2
Xubilados/as e pensionistas	0	1	0	0

Táboa 34. Número de asociacións por tipo e concello.

Elaboración propia a partir de datos facilitados polos propios concellos agás os relativos a Tui (estes foron facilitados pola Secretaría Xeral de Igualdade).

Se atendemos á información sobre o tecido asociativo e comparando o número de asociacións coa poboación de cada concello, pode afirmarse que este é importante. Con todo, cómpre sinalar que a pesar do gran volume de asociacións que hai en Vila Verde, ningunha delas é de mulleres.

Nome da Asociación	Concello	Ano de creación	N.º socias	Idade media	Idade socia mais nova	Idade socia maior idade
M. R. A Ribeira	Monterrei	2001	40	50	24	69
M. R. Monterrei	Monterrei	2007	25	50	30	70
M. R. 25 de Xullo	Monterrei	2000	89	50	31	89
Mulleres en Igualdade da Paradanta	A Cañiza	2010 ²⁰	213	45	16	92
Amas de casa, consumidoras e usuarias de Tui	Tui	1992	500 ²¹	55	30	92

Táboa 35. Número de asociacións de mulleres participantes no estudo por concello, ano de creación, número de socias e idades. Elaboración propia.

Se se observa a táboa anterior, vese que as asociacións de mulleres existentes foron creadas na pasada década, agás a de Tui que é anterior (anos 90), co que xa teñen un certo percorrido no eido asociativo. As tres de Monterrei son de mulleres rurais, así como tamén o era con anterioridade a da Cañiza que, o ano pasado, trocou o seu nome polo de Mulleres en Igualdade da Paradanta o que, aínda que só sexa nun plano simbólico, representa un cambio na concepción do colectivo. No caso de Tui, a asociación de mulleres existente contempla un maior abano de perfiles das socias.

Con respecto ao número de socias e ás súas idades cabe dicir que son grupos amplos que aglutinan a mulleres desde os 16 aos 92 anos, situándose a idade media das socias entre os 45 e os 50.

A estas asociacións preguntóuselles para a realización deste estudo sobre dous aspectos: por un lado, as actividades realizadas no ano 2010 e previstas para o 2011 e, polo outro, o seu coñecemento e opinión sobre as intervencións da administracións públicas en materia de igualdade e cales son as súas demandas ao respecto.

En relación ao primeiro aspecto, destacaron actividades de tipo cultural (excursións e celebración de festas gastronómicas ou relixiosas), deportivo (ximnasia e ioga) e obradoiros de traballos manuais e inglés (só unha delas). A previsión para este ano é darlles continuidade a estas actuacións. A maiores, unha das asociacións prevé realizar accións encamiñadas á alfabetización dixital das súas socias.

No relativo ao coñecemento e valoración das intervencións das administracións en materia de igualdade, estas foron as súas achegas:

²⁰ Existía con anterioridade pero co nome de Asociación de Mulleres Rurais A Franqueira.


²¹ Conta con socias e socios.

Consideran como principais aspectos positivos a creación e mellora dos permisos de paternidade e maternidade, así como os avances realizados en materia de conciliación.

Tamén valoran moi positivamente a realización de actividades de sensibilización en materia de igualdade (cursos, relatorios, actividades de lecer...) e a realización de campañas de publicidade en varios soportes (televisión, prensa...).

Pola contra, a maioría critica a falla de sensibilización en materia de igualdade de oportunidades no ámbito local e consideran que non se fai o suficiente seguimento e vixilancia nos casos de violencia de xénero.

Na epígrafe de demandas e propostas de intervencións futuras apuntan a necesidade de dotar os homes de habilidades para a corresponsabilidade e de darlles maiores oportunidades laborais ás mulleres con soldos xustos. Así mesmo, consideran preciso facer máis esforzos na sensibilización en materia de igualdade para todas as idades e na creación de recursos variados para a conciliación. Do mesmo xeito cren que achegarlles maior información ás mulleres sobre os seus dereitos é fundamental.

 Ao analizar, con perspectiva de xénero, a información cuantitativa e cualitativa facilitada polos propios concellos e as asociacións de mulleres, constátase o percibido a través da información estatística:

Os estereotipos de xénero seguen a marcar a pauta de comportamento de mulleres e homes; eles son os que ocupan cargos políticos de maior representatividade e maior “prestixio”, mentres que elas seguen relegadas a un segundo plano e no ámbito dos servizos sociais.

Os roles de xénero están presentes nas decisións que unhas e outros toman en relación coas demandas de emprego solicitadas. Así mesmo, estes seguen a perpetuarse a través das políticas e accións das administracións, ao non pór medidas que rompan coa segregación horizontal, facilmente detectables na formación regrada e ocupacional.

Falta vontade política e, sobre todo, perspectiva de xénero que permita pór en marcha actuacións concretas e eficaces dirixidas a combater as desigualdades e visibilizar as necesidades persoais e sociais de cada un/unha sen carga de xénero.

O colectivo feminino fai unha serie de demandas neste eido, pero precisaría máis información e formación ao respecto de cara, por exemplo, á planificación e organización de actuacións que contribúan a fomentar o debate e a transmisión de valores igualitarios para a vida en sociedade.

VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia contra as mulleres é a expresión máis clara da relación de desigualdade existente entre mulleres e homes. Esta clase de violencia, que se basea na afirmación da superioridade dun sexo sobre o outro (dos homes sobre as mulleres), afecta a toda a organización da nosa sociedade e, polo tanto, debe ser analizada dentro do contexto social no que vivimos.

En España a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero establece, no seu artigo primeiro:

“1. Esta lei ten por obxecto actuar contra la violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou fosen os seus cónxuxes ou de quen estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.

2. Por esta lei establécense medidas de protección integral cuxa finalidade é previr, sancionar e erradicar esta violencia e prestarlles asistencia ás súas vítimas.

3. A violencia de xénero a que se refire esta lei comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.”

A violencia de xénero queda pois definida como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

En Galicia a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero entende esta como “calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada”.

En Portugal a Lei n.º 112/2009, de 16 de setembro, establece o “regime jurídico aplicável à prevenção da violência doméstica, à protecção e à assistência das suas vítimas”, e non fai referencia explícita á violencia de xénero.

Asemade, defínese como «víctima» á “pessoa singular que sofreu um dano, nomeadamente um atentado à sua integridade física ou mental, um dano moral, ou

uma perda material, directamente causada por acción ou omisión, no ámbito do crime de violencia doméstica previsto no artigo 152.º do *Código Penal*”.

Tal como se dixo ao principio desta epígrafe, a violencia de xénero é a manifestación máis clara de desigualdade. Ante esta situación, a súa análise convértese nun elemento prioritario de cara ao establecemento de intervencións orientadas tanto á prevención como ao tratamento das vítimas, intervencións nas que os futuros centros de información deben ter un papel importante.

GALICIA

1. DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO

	1.º T. 2010	2.º T. 2010	3.º T. 2010	4.º T. 2010	1.º T. 2011
Verín	14	24	16	14	-
Ponteareas	22	30	41	27	28
Tui	21	8	9	4	11

Táboa 35. Número de denuncias por violencia de xénero segundo trimestre e partido xudicial.

Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín, Ponteareas e Tui.

Tal e como se reflicte na táboa anterior, ao longo do 2010 o número de denuncias oscila trimestralmente tanto á alza como á baixa nos distintos partidos xudiciais, sen que se poida falar dun patrón de comportamento aplicable ao seu conxunto. Así, en Verín, o trimestre con maior cantidade de denuncias é o segundo do 2010, en Ponteareas é o terceiro e en Tui o primeiro dese ano. Así mesmo, cómpre destacar a variación no número de denuncias dun a outro período. O caso máis extremo é o do partido xudicial de Tui, onde se rexistraron cinco veces máis denuncias no primeiro trimestre que no último de 2010.




Gráfico 139. Número de denuncias por cada 1000 mulleres segundo partido xudicial e trimestre.
Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.ª Instancia e Instrución n.º 1 de Verín, Ponteareas e Tui.

Non obstante, resulta máis obxectivo observar a relación de denuncias presentadas por cada 1000 mulleres en cada xulgado, xa que o diferente número de habitantes (e por tanto de mulleres) de cada un puidera facer que os datos absolutos resultasen equívocos²². Así, cabe subliñar o baixo índice de denuncias presentadas en Tui por cada 1000 mulleres a partir do primeiro trimestre de 2010, en comparación cos outros dous partidos.

2. ORIXE DA DENUNCIA

		1.º trimestre 2010	2.º trimestre 2010	3.º trimestre 2010	4.º trimestre 2010	1.º trimestre 2011
Directamente pola vítima		2	18	16	8	0
Por familiares		0	0	0	0	0
Por atestados policiais	Con denuncia da vítima	50	34	39	34	21
	Con denuncia de familiar	0	1	2	0	0
	Por intervención policial	0	3	7	1	7
Parte de lesións		5	6	2	1	0
Servizos de asistencia/terceiras persoas		0	0	0	1	0
TOTAL		57	62	66	45	28

Táboa 36. Orixe da denuncia por trimestre.

Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.ª Instancia e Instrución n.º 1 de Verín, Ponteareas e Tui.

²² Tomouse como referencia a totalidade da poboación feminina por entender que este tipo de violencia non entende de idades.

No tocante aos datos sobre a orixe da denuncia, cabe dicir que a maior parte das denuncias por violencia de xénero chegan aos xulgados a través de atestados policiais, seguidas de lonxe por aquelas presentadas polas propias agredidas sen que medie intervención da policía. Entre as primeiras, nun 91,6% hai denuncia previa da propia vítima e nun 7,2% son interpostas polas forzas e corpos de seguridade. En ningún caso a denuncia procede directamente dun familiar, o que pon de manifesto a soidade e o illamento ao que, en moitas ocasións, se enfronta a vítima de maltrato.




Gráfico 140. Orixe da denuncia no partido xudicial de Verín.
Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín.




Gráfico 141. Orixe da denuncia no partido xudicial de Ponteareas.
Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Ponteareas.




Gráfico 142. Orixe da denuncia no partido xudicial de Tui.
Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Ponteareas.

Da comparativa entre partidos xudiciais destaca que, aínda nos xulgados de Verín e Tui a procedencia destas denuncias é pouco variada, no de Ponteareas rexístranse, en diferente medida, todas as posibilidades de entrada de denuncia recollidas, agás a da denuncia directa por familiares xa sinalada como excepción. A intervención policial é moito maior ca nos outros dous xulgados.

Deste xeito, no caso dos xulgados de Verín e Tui, a totalidade das denuncias que chegan a través de atestados policiais responden a unha denuncia previa feita pola propia vítima, mentres que en Ponteareas estas responden nun 84,8% ás feitas polas vítimas, nun 2,2% ás interpostas por familiares e no 13% ás das propias forzas e corpos de seguridade.

Así mesmo, debemos subliñar o feito de que no xulgado de Tui as denuncias proceden de dúas canles unicamente: as presentadas pola vítima ou por atestado policial con denuncia da agredida. Tamén resulta significativo que durante nove meses consecutivos, os do segundo, terceiro e cuarto trimestres do 2010, (ver documentación complementaria I) a única vía de chegada ao xulgado é por denuncia directa da violentada. Este período correspóndese ademais co de máis baixo índice de denuncias.

3. TIPOLOXÍA PENAL

Previamente a que se comenten os datos sobre a tipificación dos delitos e faltas cometidos durante a agresión, é preciso sinalar que nun mesmo feito poden concorrer varios tipos de infracción, polo que o número de demandas non coincide co número de faltas e delitos recollidos.

		1.º trimestre 2010	2.º trimestre 2010	3.º trimestre 2010	4.º trimestre 2010	1.º trimestre 2011
Delitos	Homicidio	0	0	0	0	0
	Aborto	0	0	0	0	0
	Lesións ao feto	0	0	0	0	0
	Lesións e malos tratos	39	28	40	34	21
	Contra a liberdade	0	0	0	0	0
	C. liberdade sexual	1	4	0	0	1
	C. integridade moral	0	4	0	0	0
	C. dereitos e deberes familiares	2	3	2	1	0
	Quebrantamentos de penas e medidas	1	6	9	3	5
	Outros	11	16	14	10	11
Faltas	Inxurias	3	6	1	2	1
	Vexacións	0	1	0	1	0
	Outras	1	0	0	0	0

Táboa 37. Tipoloxía dos delitos e faltas por trimestre.

Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín, Ponteareas e Tui.




Gráfico 143. Porcentaxe de delitos e faltas segundo a súa tipoloxía. Partido xudicial de Verín. Elaboración propia a partir de datos facilitados polo xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín.




Gráfico 144. Porcentaxe de delitos e faltas segundo a súa tipoloxía. Partido xudicial de Ponteareas. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Ponteareas.




Gráfico 145: Porcentaxe de delitos e faltas segundo a súa tipoloxía. Partido xudicial de Tui. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Tui.

Tanto en termos xerais como por cada un dos partidos xudiciais, a infracción máis cometida polos agresores é o delito de lesións e malos tratos, seguido do de quebrantamento de penas e medidas. Tamén teñen un peso importante os recollidos como “outros”, aínda que todos os rexistrados baixo esta denominación pertencen ao xulgado de Ponteareas. Pola súa parte, no partido de Tui só se denuncian dous tipos de delito: contra a liberdade sexual e lesións e malos tratos.

Doutra banda cómpre sinalar que en ningún dos partidos xudiciais de referencia se produciron vítimas mortais (homicidios) ou denuncias por violencia de xénero que supuxeran abortos, lesións ao feto ou delitos contra a liberdade.

4. RELACIÓN VÍTIMA-DENUNCIADO/NACIONALIDADE/IDADE

Tal e como se sinalou ao principio da epígrafe de violencia de xénero, neste punto recóllense cuestións relativas á relación existente entre vítima e agresor no momento de producirse a agresión, a nacionalidade dos implicados nela e a maioría ou minoría de idade das vítimas²³. Débese referir ao respecto que este tipo de datos só son proporcionados cando se ditan as ordes de protección.

4.1. Relación vítima-denunciado/nacionalidade




Gráfico 146. Porcentaxe de vítimas e agresores segundo nacionalidade e trimestre.

Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín, Ponteareas e Tui.

Segundo os datos proporcionados polos xulgados de Primeira Instancia e Instrución n.º 1 de Verín, Ponteareas e Tui en relación coa nacionalidade das agredidas e dos agresores, pódese comprobar que o número de persoas españolas é maior ao de estranxeiras. Non obstante, existen diferenzas importantes entre os tres partidos xudiciais, polo que non se pode concluír a existencia dun patrón ao respecto.

²³ Este tipo de datos tan só son proporcionados cando se dite orden de protección.




Gráfico 147. Porcentaxe de vítimas e agresores segundo nacionalidade e trimestre. Partido xudicial de Verín. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín.




Gráfico 148. Porcentaxe de vítimas e agresores segundo nacionalidade e trimestre. Partido xudicial de Ponteareas. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Ponteareas.




Gráfico 149. Porcentaxe de vítimas e agresores segundo nacionalidade e trimestre. Partido xudicial de Tui. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Tui.

No caso de Verín hai unha correspondencia absoluta entre as porcentaxes de vítimas e agresores españois e estranxeiros. Ademais, é o único partido xudicial onde o número de vítimas e agresores estranxeiros é superior ao de españois.

En Ponteareas, a porcentaxe de españolas maltratadas é inferior ao de españois maltratadores. En Tui, pola contra, a porcentaxe de españois agresores é inferior á de españolas agredidas.

4.2. Relación vítima-denunciado




Gráfico 150. Porcentaxe de casos segundo relación vítima-denunciado e trimestre.

Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín, Ponteareas e Tui.

No tocante á relación que no momento de producirse a denuncia mantiñan vítima e agresor, obsérvase que tanto en xeral como por cada partido xudicial por separado, o vínculo máis común é o do matrimonio. Esta relación dáse nun 41,9% dos casos.




Gráfico 151. Porcentaxe de casos segundo relación vítima-denunciado. Partido xudicial de Verín. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Verín.




Gráfico 152. Porcentaxe de casos segundo relación vítima-denunciado. Partido xudicial de Ponteareas. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Ponteareas.




Gráfico 153. Porcentaxe de casos segundo relación vítima-denunciado. Partido xudicial de Tui. Elaboración propia a partir de datos facilitados polos xulgados de 1.º Instancia e Instrución n.º 1 de Tui.

Da comparativa entre os tres partidos xudiciais, cómpre destacar que, aínda que como se sinalaba anteriormente, o vínculo afectivo máis común entre agresor e agredida é o de cónxuxes, a porcentaxe que acada en cada un dos partidos xudiciais é substancialmente diferente, supoñendo máis da metade dos casos acontecidos en Tui, pero pouco máis dun terzo dos rexistrados en Ponteareas.

Así mesmo, a segunda relación máis común é distinta en cada partido: en Verín é a de noivos (acada unha porcentaxe similar á dos cónxuxes en Ponteareas), en Ponteareas á de ex-cónxuxes e en Tui á de ex-noivos (relación que en Verín non se dá en ningún caso).

Por último, só resta facer un pequeno apuntamento sobre a idade. A este respecto débese subliñar que o 97,7% dos casos denunciados correspóndenlles a maiores de idade, e son só tres nos que a vítima era unha menor, de nacionalidade española e no partido xudicial de Ponteareas).

PORTUGAL

Previamente á exposición dos datos de violencia dos que se dispón no caso de Portugal²⁴ convén aclarar que durante o ano 2010 non se produciron asasinatos por este tipo de violencia no distrito de Viana (ao que pertence a subrexión de Minho-Lima) e que no distrito de Braga (ao que pertence a subrexión de Cávado e por tanto Vila Verde) déronse dous casos, supoñendo estes o 4,7% do total dos acontecidos en Portugal (43).

1. HOMICIDIOS




Gráfico 154. Número de mulleres asasinadas por mes. Portugal.
Elaboración propia a partir de datos extraídos do Observatório de Mulheres Assassinadas 2010.UMAR.

²⁴ Só se recollen vítimas mortais.

Segundo o gráfico anterior só houbo un mes (febreiro) no cal non se rexistrou ningún caso de muller asasinada por violencia de xénero. En troques, os meses onde máis casos houbo foron xullo (8), setembro e outubro (6 por mes).

2. RELACIÓN VÍTIMA-AGRESOR




Gráfico 155: porcentaxe de mulleres asasinadas segundo relación vítima- agresor. Portugal. Elaboración propia a partir de datos extraídos do Observatório de Mulheres Assassinadas 2010. UMAR.

En Portugal, nos casos de homicidio por violencia contra as mulleres, a relación máis frecuente do agresor coa vítima é a de marido, compañeiro ou relación afectiva.

3. IDADE DAS VÍTIMAS E DOS AGRESORES




Gráfico 156: Porcentaxe de mulleres asasinadas segundo a súa idade.
Elaboración propia a partir de datos extraídos do Observatório de Mulheres Assassinadas 2010. UMAR.





Gráfico 157. Porcentaxe de agresores segundo a súa idade. Portugal.
Elaboración propia a partir de datos extraídos do Observatório de Mulheres Assassinadas 2010. UMAR.

Ao observar as idades das vítimas e dos seus asasinados hai que sinalar que en ningún caso se atopan persoas menores de idade e que é no grupo de idade de 18 a 23 onde se concentra o menor número de vítimas e agresores. Así mesmo, coinciden exactamente as porcentaxes de mulleres mortas e homicidas para este tramo de idade e tamén para os/as maiores de 50 anos. Pola contra, mentres que entre as mulleres asasinadas a idade máis frecuente está entre os 24 e 35 anos, no caso dos asasinados esta incrementase, xa que case o 42% teñen entre 36 e 50 anos.

 Ao abeiro dos datos expostos, pode constatar-se que non existe un perfil claro de vítima nin agresor, xa que a violencia de xénero non entende de territorios, idades ou nacionalidades. Isto débese a que a orixe desta lacra social se atopa na desigualdade entre xéneros; de aí que mentres estas sigan existindo, seguirá habendo vítimas de maltrato.

1. ANÁLISE DAFO

ANÁLISE INTERNA


DEBILIDADES	FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Desequilibrio territorial entre zona interior (A Cañiza, Monterrei) e a costeira (Tui, Vila Verde). • Escasa concienciación e sensibilización da poboación sobre a necesidade de medidas de IO. • Escasa aplicación da perspectiva de xénero nas políticas municipais. • Desfavorable situación xeográfica de Vila Verde para a utilización do centro por parte das usuarias galegas. • Evolución demográfica negativa e envellecemento progresivo, especialmente acusada en Monterrei. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dispoñibilidade de recursos económicos. • Boa situación xeográfica dos concellos galegos para a utilización dos centros por parte da poboación portuguesa. • Importante e dinámico tecido asociativo feminino en Monterrei e A Cañiza. • Existencia dunha concellería da muller (sensibilidade política en materia de IO) en Tui. • Experiencia na organización e realización de actividades en materia de IO e prevención da violencia de xénero en Tui e Vila Verde. • Experiencia e tradición na realización de proxectos, programas e actividades transfronteirizas en Tui. • Existencia de Plan municipal de igualdade en vigor na Cañiza.

ANÁLISE EXTERNA


AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Situación de crise económica internacional. • Tendencia ao despoboamento e ao envellecemento en Monterrei e A Cañiza. • Insuficiencia dos medios de transporte públicos. • Implantación do sistema de telepeaxe nas autoestradas lusas, que dificulta e encarece os desprazamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Existencia de lexislación específica de promoción de políticas de igualdade. • Amplo número de usuarias potenciais en Vila Verde e Tui. • Experiencia no aproveitamento de recursos humanos no territorio, o que reforza a mobilidade.

2. CONSIDERACIÓNS FINAIS


Como punto último expóñense os aspectos máis significativos en relación coa análise socio-económica da situación das mulleres de Galicia-Norte de Portugal, así como aqueles outros que consideramos deben ser tidos en conta.

 O territorio de estudo é heteroxéneo tanto desde un punto de vista xeográfico (extensión e situación) como demográfico. Así, no relativo á xeografía, o municipio de maior extensión (Vila Verde) abrangue unha superficie que multiplica por tres á do máis pequeno (Tui). Ademais, atendendo á situación, cómpre referir que os tres concellos galegos se atopan en comarcas raianas co país veciño, mentres que o municipio de Vila Verde non é tan raiano. Isto fai pensar, a priori, nunha maior posibilidade de uso das mulleres portuguesas dos centros galegos que á inversa.

No tocante aos datos de poboación, estes difiren considerablemente entre os concellos do interior (Monterrei e A Cañiza) e os máis próximos ao chamado eixo atlántico (Tui e Vila Verde). Neste caso, os primeiros presentan baixa densidade de poboación, perda de habitantes e alto porcentaxe de envellecemento. Os segundos, pola contra, caracterízanse por unha alta densidade de poboación, un aumento no número de habitantes e máis xente nova que vella.

 No ámbito educativo, dáse novamente unha dicotomía interior vs eixe atlántico: en xeral, o nivel educativo é máis alto en Tui e en Vila Verde, aínda que neste último hai unha alta taxa de analfabetismo que se relaciona cunha porcentaxe elevada de persoas maiores de 80 anos. A idade tamén explica un maior número de mulleres que non saben ler e/ou escribir.

Ao analizar os datos educativos con relación ao xénero, os valores son similares na educación obrigatoria e varían nos estudos medios e superiores, cuxo carácter optativo fai que unhas e outros tomen camiños diferentes, presumiblemente influenciados por estereotipos de xénero.


 No relativo ao emprego, ao igual que nas áreas comentadas anteriormente, obsérvanse dúas zonas perfectamente diferenciadas. Así mesmo, como non podía ser doutro xeito, as características laborais derívanse directamente das demográficas e educativas. Deste xeito, unha taxa alta de envellecemento vai ligada a unha porcentaxe máis elevada de poboación inactiva que activa, e o colectivo de xubilados/as adquire un maior peso relativo dentro do conxunto da poboación de máis de 16 anos.

Pero á marxe deste tipo de cuestións obvias, cómpre examinar o mercado laboral desde unha perspectiva de xénero. Así, en todos os casos, é o colectivo feminino o que presenta taxas de actividade e ocupación inferiores ao masculino e taxas de desemprego superiores, agás en Monterrei, onde o paro lles afecta algo menos ás mulleres que aos homes. Tamén a poboación feminina ten un maior peso relativo entre a poboación inactiva e un menor peso entre a activa.


En liña co anterior, debemos salientar que son as mulleres (máis do 95% sobre o total de persoas que se encargan deste labor e nunha porcentaxe superior ao 38% dentro do conxunto das mulleres inactivas) as que maioritariamente asumen o traballo doméstico.

Outros indicadores da persistencia de diferenzas relativas ao xénero son:

- A segregación horizontal: existencia de sectores masculinizados (por exemplo, a construción) e feminizados (por exemplo, a educación), o primeiro relacionado co esforzo físico e o segundo coa atención aos máis cativos.
- A segregación vertical: maior número de mulleres nas escalas máis baixas (persoal non cualificado ou con escasa cualificación) e minoría de mulleres cando se fala de dirección de empresas e administración.


 A información facilitada desde os propios concellos e asociacións de mulleres corrobora o apuntado polos datos estatísticos comentados. A este respecto, cómpre incidir na existencia e reprodución dos roles de xénero en distintos ámbitos da vida persoal e social dos individuos. Estes seguen a marcar a pauta de comportamento de mulleres e homes: eles son os que ocupan cargos con máis peso político e maior prestixio social, mentres que a elas lles son asignados (consciente ou inconscientemente) postos secundarios e en consonancia co que “socialmente” se espera delas. Proba disto é que as concellerías do ámbito social son ocupadas exclusivamente por mulleres.

Tamén están presentes no ámbito formativo e ocupacional, tanto no relativo ás demandas de emprego solicitadas como na planificación e implantación de programas formativos por parte das administracións públicas. Estas non se preguntan, por exemplo, por que son as mulleres as que maioritariamente teñen interese en ocupacións como o coidado e a atención ás persoas dependentes. Ao non cuestionalo, non adoptan medidas que corrixan a feminización e precarización (soldos baixos, economía somerxada...) do sector e isto fai, non só que a situación non cambie, senón que se vexa como algo “natural”, como o propio das mulleres.

 Ao preguntarllas ás propias mulleres, estas parecen máis concienciadas cos temas da igualdade. Deste xeito, ven positivas as medidas postas en marcha

para o fomento da corresponsabilidade e a prevención da violencia de xénero, ao tempo que apuntan á necesidade de seguir traballando neste eido: achegando a información sobre os seus dereitos a todas as mulleres ou mellorando o seguimento nos casos de violencia de xénero.

Ao observar a programación anual de actividades das asociacións, non obstante, vese que non poñen en marcha accións encamiñadas a reducir as desigualdades entre mulleres e homes. Semella pois necesario traballar o empoderamento nas asociacións de mulleres para, primeiro, visibilizar os trazos sexistas que as relegan a un segundo plano; segundo, deconstruír o aprendido en relación cos papeis asignados socialmente a elas e a eles; e terceiro, adoptar, tanto no ámbito individual como colectivo, medidas que posibiliten unha sociedade máis xusta e equilibrada.

 No relativo á violencia de xénero, hai que resaltar que a súa simple existencia é o sinal máis significativo e claro da persistencia de desigualdades por razón de xénero.

Ao abeiro de todo o anterior, é non só recomendable senón tamén imprescindible seguir apostando por actuacións encamiñadas a acadar a igualdade real entre homes e mulleres. Esta é a finalidade dos centros de dinamización integral para as mulleres; os cales, ademais de dirixirse ás propias mulleres, deberían ter en conta a todos os actores do territorio: homes, persoal político, tecido económico, social, comunidade educativa...

A este respecto cabe enumerar as seguintes liñas de actuación:

- Informar, formar e empoderar ás mulleres para que “poñan as gafas de xénero” e sexan axentes proactivos para un cambio nos roles asignados ás mulleres e aos homes.
- Romper coa idea de que a “igualdade é cousa de mulleres”. Se o 50% da poboación se mantén ao marxe ou non abandona actitudes e comportamentos machistas dificilmente se vai poder cambiar algo.
- Informar e formar en perspectiva de xénero ao persoal político e técnico para que integre o enfoque de xénero no seu traballo cotián.

En resumo, os futuros centros de información deben adoptar, independentemente de que as súas principais usuarias sexan as mulleres dun é doutro lado da fronteira, unha perspectiva transversal no seu *modus operandi*; de xeito que o seu labor chegue e impregne a todas e cada unha das capas do territorio, a todos e cada un dos colectivos sociais, económicos, políticos e educativos.

BIBLIOGRAFÍA

- AAVV (2007): *Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España- Portugal 2007- 2013* (Documento final para a aprobación pola Comisión Europea).
- Faíña, J. A. e López-Rodríguez, J. (2004): *La Euroregión Galicia-Norte Portugal: Estrategias y posibilidades de desarrollo desde la Política Regional de la Unión Europea*.
(http://www.gcd.udc.es/subido/catedra/desarrollo_regional/la_euroregion_galicianorteportugal_estrategias_y_posibilidades_de_desarrollo_desde_la_politica_regional_de_ue_2004.pdf)
- *Fontes estatísticas transfronteirizas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: situación actual e perspectivas futuras*.
<http://www.fceer.org/bdoc/recursos/018.pdf>
- IGE e Comissao de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte-Observatório das Dinâmicas Regionais (2010): *Anuario Galicia-Norte de Portugal 2010*.
- *Informe de buenas prácticas: análisis de los proyectos incluidos en el programa INTERREG III A de Cooperación Transfronteriza España-Portugal 2000-2006*
http://www.poctep.eu/descarga.php?modulo=publicacion&documento=INFORME_DE_BUENAS_PRACTICAS_QUASAR.pdf&nombre=INFORME_DE_BUENAS_PRACTICAS_QUASAR.pdf
- *Informe de análisis técnico (final): análisis de los proyectos incluidos en el programa INTERREG III A de Cooperación Transfronteriza España-Portugal 2000-2006*
http://www.poctep.eu/descarga.php?modulo=publicacion&documento=INFORME_FINAL_QUASAR.pdf&nombre=INFORME_FINAL_QUASAR.pdf
- *Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal*. 2007. Xunta de Galicia
http://www.conselleriadeconomia.es/export/sites/default/Economia/Biblioteca/Documentos/Area_Planificacion_Economica/ESTRATEGIA_conjunta_07-13_Galicia-Norte_Portugal_x11.04.07x.pdf

- <http://es.wikipedia.org/wiki>
- <http://www.comarcasdegalicia.com/>
- www.concellotui.org/
- www.caniza.org/
- <http://www.monterrei.es/>
- <http://www.ine.es/>
- <http://www.ige.eu/>
- <http://www.ine.pt/>
- <http://www.gepe.min-edu.pt/np4/estatisticas>
- <http://www.gee.min-economia.pt>
- <http://cm-vilaverde.pt>
- <http://www.poctep.eu>
- <http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/programa-operativo-de-cooperacion-transfronteirizo-espana-portugal-2007-2013>
- www.encyclopedia-juridica.biz14.com
- www.cgpe.net/partido.aspx?idprovincia=36&numpartido=1
- www.cgpe.net/partido.aspx?idprovincia=32&numpartido=5
- www.cgpe.net/partido.aspx?idprovincia=36&numpartido=6
- www.umarfeminismos.org/index.php?option=com_content&view=article&id=326&Itemid=126
- www.apav.pt/portal/
- www.siej.dgpi.mj.pt/

- *A Península Ibérica em Números – 2010. INE Pt.*
- *Indicadores Sociais – 2009. INE Pt.*
- *Boletim mensal de estatística. Fevereiro 2011. INE Pt.*
- *Memorando Síntese Resultados do Inquérito Violência de Género. 2008. SociNova/ CesNova, Faculdade de Ciências Sociais e Humanas, Universidade Nova de Lisboa.*

1. ÍNDICE: TÁBOAS E GRÁFICAS

Áreas de cooperación transnacional España-Portugal.....	10
Ilustración 1. Territorio de estudo.	22
Gráfico 1. Pirámide de poboación territorio de estudo.	
Elaboración propia a partir de IGE, 2010 e INEpt, Estimativas anuais 2009.....	29
Gráfico 2. Pirámide de poboación da provincia de Ourense.	
Elaboración propia a partir de IGE, 2010.	29
Gráfico 3. Pirámide de poboación da provincia de Pontevedra.	
Elaboración propia a partir de IGE, 2010.	30
Gráfico 4. Pirámide de poboación da subrexión Minho-Lima.	
Elaboración propia a partir de: INEpt, Estimativas anuais 2009.....	30
Gráfico 5. Pirámide de poboación da subrexión Cávado.	
Elaboración propia a partir INEpt, Estimativas anuais 2009.....	30
Gráfico 6. Poboación por provincias/subrexións e tramos de idade.	
Elaboración propia a partir de IGE, 2010 e INEpt, Estimativas anuais 2009.....	31
Gráfico 7. Evolución da poboación residente.	
Elaboración propia a partir de IGE. Padrón municipal de habitantes e Estatística de poboación 1996. INEpt. Padrón municipal de habitantes 2002 e 2009 e Estimativas Anuais de População Residente 1996, 2002 e 2006.....	32
Táboa 1. Indicadores de poboación.	
IGE, 2009 e INEpt, 2009: Estimativas Anuais da Poboación Residente e Indicadores Demográficos.	32
Táboa 2. Indicadores demográficos.	
IGE, 2008 e INEpt, 2009.	33
Táboa 3. Poboación estranxeira por sexo e nacionalidade.	
Elaboración propia a partir de INEes. Padrón Municipal de Habitantes. IGE,2010 e INEpt-Serviço de Estrangeiros e Fronteiras, 2008.....	34
Gráfico 8. Peso porcentual da poboación estranxeira por nacionalidade. Provincia de Ourense.	
Elaboración propia a partir de INEes. Padrón municipal de habitantes. IGE,2010.....	35
Gráfico 9. Peso porcentual da poboación estranxeira por nacionalidade. Provincia de Pontevedra.	
Elaboración propia a partir de INEes. Padrón municipal de habitantes. IGE,2010.....	35
Gráfico 10. Peso porcentual da poboación estranxeira por nacionalidade. Portugal Continental.	
Elaboración propia a partir de INEpt-Serviço de Estrangeiros e Fronteiras, 2008.....	35
Gráfico 11. Pirámide de poboación do concello de Monterrei.	

Elaboración propia a partir de IGE, 2010.	37
Gráfico 12. Pirámide de poboación da comarca de Verín	
Elaboración propia a partir de IGE, 2010.	37
Gráfico 13. Pirámide de poboación da Comarca da Paradanta. Elaboración propia a partir de IGE, 2010.....	38
Gráfico 14. Pirámide de poboación do concello da Cañiza.	
Elaboración propia a partir de IGE, 2010.	38
Gráfico 15. Pirámide de poboación do concello de Tui.	
Elaboración propia a partir de IGE, 2010.	38
Gráfico 16. Pirámide de poboación da comarca do Baixo Miño. Elaboración propia a partir de IGE, 2010.	38
Gráfico 17. Pirámide de poboación do municipio de Vila Verde.	
Elaboración propia a partir de INEpt, 2009.	39
Gráfico 18. Evolución da poboación por sexo do concello de Monterrei.	
Elaboración propia a partir de IGE, 1996 e INE, 2002 e 2009.....	40
Gráfico 19: evolución da poboación por sexo do concello da Cañiza.	
Elaboración propia a partir de IGE, 1996 e INE, 2002 e 2009.....	40
Gráfico 20: evolución da poboación por sexo do concello de Tui.	
Elaboración propia a partir de IGE, 1996 e INE, 2002 e 2009.....	40
Gráfico 21. Evolución da poboación por sexo do concello de Vila Verde.	
Elaboración propia a partir de INEpt, Estimativas anuais 1996, 2002 e 2009.	41
Táboa 4. Indicadores de poboación.	
IGE, 2009 e INEpt, 2009: Estimativas Anuais da Poboación Residente e Indicadores Demográficos. Índice de dependencia xuvenil, INEpt, 2008.	41
Táboa 5. Indicadores demográficos. IGE, 2008 e INEpt, 2009.....	42
Táboa 6. Migracións segundo tipo de migración e sexo.	
Elaboración propia a partir de INE, Estadísticas de variacións residenciais. IGE, 2009.	43
Táboa 7. Saldos migratorios. Elaboración propia a partir de INE Estadísticas de variacións residenciais. IGE, 2009.	43
Táboa 8. Poboación nacida no estranxeiro por sexo e lugar de nacemento.	
Elaboración propia a partir de INE, Padrón municipal de habitantes (IGE, 2010).	44
